



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 21 de MARZO de 2025**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e un de de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(184).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 14 de marzo de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(185).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DA EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E NÓMINAS. EXPTE. 10551/113.**

Visto o informe xurídico do 12/03/2025 e o informe de fiscalización do 14/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/03/2025, asinado pola adxunta á Xefatura do Servizo de Administración Electrónica e o xefe do Servizo, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o tesoureiro, a concelleira da

Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- En data 16/12/2024 a Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica e o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciaron o expediente coa finalidade da contratación da evolución tecnolóxica e mantemento da aplicación de xestión de RRHH e nóminas do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal de data 16/12/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/01/2025 asinado pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal.

- Memoria xustificativa do contrato de data 06/02/2025, asinada pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal, co conforme do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, por delegación da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e xestión Municipal (Resolución de Alcaldía de 04/02/2025) e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 06/02/2025, asinada pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal, co conforme do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, por delegación da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e xestión Municipal (Resolución de Alcaldía de 04/02/2025) e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data e dilixencia corrixindo erro na partida orzamentaria de data 26/02/2025.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 05/03/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación co conforme da Xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data 06/03/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento negociado, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación co conforme da Xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data 06/03/2025.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 16/12/2024 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, tramítase como un contrato mixto, de subministración e de servizos, correspondendo o 69,78% ao subministro e o restante 30,22% a servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é negociado sen publicidade e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP.

A elección deste procedemento débese aos dereitos de propiedade intelectual e industrial, ao abeiro do disposto no apartado a.2 do artigo 168 da LCSP. A empresa "Soluciones

Avanzadas en Informática Aplicada (SAVIA)" é a propietaria da aplicación que usa o Concello de Vigo para a Xestión de RR.HH. e Nóminas, polo que soamente ela pode realizar actualizacións, correccións de erros e adaptacións aos cambios normativos. Esta empresa non ten autorizado expresamente a ningún terceiro, polo tanto soamente ela dispón da capacidade material e técnica necesarias para as prestacións deste contrato.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento de adxudicación con negociación e sen publicidade, con tramitación ordinaria, coa finalidade de realizar a contratación da evolución tecnolóxica e mantemento da aplicación de xestión de RRHH e nóminas do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal de data 16/12/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/01/2025 asinado pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal.

- Memoria xustificativa do contrato de data 06/02/2025, asinada pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal, co conforme do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, por delegación da Concellería da



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

Área de Seguridade, Contratación, Festas e xestión Municipal (Resolución de Alcaldía de 04/02/2025) e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 06/02/2025, asinada pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal, co conforme do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, por delegación da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e xestión Municipal (Resolución de Alcaldía de 04/02/2025) e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data e dilixencia corrixindo erro na partida orzamentaria de data 26/02/2025.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 05/03/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación co conforme da Xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data 06/03/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento negociado, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación co conforme da Xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data 06/03/2025.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **129.998,20 €** (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicio:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2025	Evolución tecnolóxica + mantemento estándar	9207.2279904	85.821,53 €	18.022,52 €	103.844,05 €
2025	Soporte estendido	9340.2270602	21.615,00 €	4.539,15 €	26.154,15 €
<b>TOTAL 2025</b>			<b>107.436,53 €</b>	<b>22.561,67 €</b>	<b>129.998,20 €</b>

**TERCEIRO.-** Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **363.560,80 €**, que inclúe un I.V.E. de **63.097,33 €**, dende o 1 de abril de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Mantemento estándar	9207.2279904	71.160,00 €	14.943,60 €	86.103,60 €
2026	Soporte estendido	9340.2270602	21.615,00 €	4.539,15 €	26.154,15 €
2027	Mantemento estándar	9207.2279904	71.160,00 €	14.943,60 €	86.103,60 €

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2027	Soporte estendido	9340.2270602	21.615,00 €	4.539,15 €	26.154,15 €
2028	Mantemento estándar	9207.2279904	71.160,00 €	14.943,60 €	86.103,60 €
2028	Soporte estendido	9340.2270602	21.615,00 €	4.539,15 €	26.154,15 €
2029	Mantemento estándar	9207.2279904	22.138,47 €	4.649,08 €	26.787,55 €
<b>TOTAL</b>			<b>300.463,47 €</b>	<b>63.097,33 €</b>	<b>363.560,80 €</b>

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(186).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE AGASALLOS E PLACAS CONMEMORATIVAS PARA ACTOS INSTITUCIONAIS. EXPTE. 19840/101.**

Visto o informe xurídico do 11/03/2025 e o informe de fiscalización do 17/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/02/2025, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta do Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Adxudicar a EUROCEBRIAN, S.L. o Lote 1 do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 5.940,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.030,95 euros.*
- b) A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 1 é do 29,5 %.*

*2º.- Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL o Lote 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) coas seguintes condicións:*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

1. O prezo total do contrato é de 2.608,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 452,76 euros.
2. A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 2 é do 1 %.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Segundo.-** O contrato para o LOTE 1 formalizouse coa mercantil *EUROCEBRIAN, S.L.* en documento administrativo asinado pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 17 de abril de 2024. Na Cláusula cuarta do citado contrato consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio da primeira prórroga do LOTE 1 o día 18 de abril de 2025 e o remate o día 17 de abril do día 2026.

**Terceiro.-** O contrato para o LOTE 2 formalizouse con *CARLOS FERNÁNDEZ POL* en documento administrativo asinado pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 8 de abril de 2024. Na Cláusula cuarta do citado contrato consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio da primeira prórroga do LOTE 2 o día 9 de abril de 2025 e o remate o día 8 de abril do día 2026.

**Cuarto.-** Estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

**Quinto.-** En data 17 de febreiro comunícase a *EUROCEBRIAN. S.L.* a través do Rexistro de Saída: 22392-2025-1 a finalización do prazo da anualidade do contrato o día 17 de abril de 2025; e mais o aviso previo do inicio da segunda prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, dende 18 de abril de 2025 e o 17 de abril de 2026, ambos os dous incluídos.

Con data 18 de febreiro comunicouse polo departamento administrativo de Alcaldía a través do Rexistro de Saída: 22555-2025-1 a detección dun erro material na anterior comunicación: onde poñía segunda prorroga tiña que poñer primeira.

**Sexto.-** En data 17 de febreiro comunicase a *CARLOS FERNÁNDEZ POL* a través do Rexistro de Saída: Rexistro de Saída: 22415-2025-1 Data finalización do prazo da anualidade do LOTE 2 do contrato o día 8 de abril de 2025 e mais o aviso previo do inicio da primeira prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, dende 9 de abril de 2025 e 8 de abril de 2026, ambos os dous incluídos.

**Sétimo.-** Con data 19 de febreiro tiveron entrada no Rexistro Electrónico Municipal as conformidades ás prorrogas:

- EUROCEBRIAN, S.L. da conformidade á prórroga do LOTE 1 no documento 250037777 anexado no trámite 268.
- CARLOS FERNANDEZ POL da conformidade á prórroga LOTE 2 no documento 250037621 anexado no trámite 269.

**Sexto.-** A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

### **PROPOSTA**

Polo exposto, considérase conveniente polos que subscriben,

**Primeiro.-** Aprobar a proposta de prórroga do LOTE 1 e LOTE 2 do “contrato da prestación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)” polos períodos que se detallan a continuación:





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- **LOTE 1** adxudicado a EUROCEBRIAN, S.L. dente o día 18 de abril de 2025 ao 17 de abril do día 2026, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactorio e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

- **LOTE 2** adxudicado a CARLOS FERNÁNDEZ POL dende o día 9 de abril de 2025 ata o 8 de abril do día 2026, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactorio e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Segundo.-** Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) dos orzamentos da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación os seguintes importes totais para cada LOTE:

- LOTE 1: Primeira prórroga: do 18 de abril de 2025 ata o 17 de abril de 2026 por un importe total de 5.940,24 € sendo o importe de ive de 1.030,95 €.

- LOTE 2: Primeira prórroga: do 8 de abril de 2025 ao 8 de abril de 2026 por un importe total de 2.608,80 € sendo o importe de ive 452,76 €.

**Terceiro.-** O gasto que representa a primeira prórroga no exercicio económico do ano **2025**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total <b>ANO 2025</b>
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	1	EUROCEBRIAN, S.L.	2.454,74	515,50	2.970,24
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	2	CARLOS FERNÁNDEZ POL		407,49 €	2.347,94 €

O gasto que representa a segunda prórroga no exercicio económico do ano **2026**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total <b>ANO 2026</b>
-------------------------	------	---------------	--------	-------	-------------------------------

912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	1	EUROCEBRIAN, S.L.	2.454,55	515,45	2.970,00
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	2	CARLOS FERNÁNDEZ POL	215,59	45,27 €	260,86 €

**Terceiro.-** Adoptado o acordo, deberá de notificarse ás empresas EUROCEBRIAN, S.L. adxudicataria do lote 1,; e a empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL adxudicataria do lote 2, indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PRO-PONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a primeira prórroga do LOTE 1 e LOTE 2 do “contrato da prestación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)” polos períodos que se detallan a continuación:

- **LOTE 1** adxudicado a EUROCEBRIAN, S.L. dente o día 18 de abril de 2025 ao 17 de abril do día 2026, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactorio e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.
- **LOTE 2** adxudicado a CARLOS FERNÁNDEZ POL dende o día 9 de abril de 2025 ata o 8 de abril do día 2026, toda vez que o servizo durante o prazo



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

inicial de execución, foi satisfactorio e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Segundo.-** Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) dos vixentes orzamentos da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación os seguintes importes totais para cada LOTE:

➤ - LOTE 1: Primeira prórroga: do 18 de abril de 2025 ata o 17 de abril de 2026 por un importe total de 5.940,24 € sendo o importe de ive de 1.030,95 €.

- LOTE 2: Primeira prórroga: do 8 de abril de 2025 ao 8 de abril de 2026 por un importe total de 2.608,80 € sendo o importe de ive 452,76 €.

**Terceiro.-** O gasto que representa a primeira prórroga no exercicio económico do ano **2025**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total <b>ANO 2025</b>
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	1	EUROCEBRIAN, S.L.	2.454,74	515,50	2.970,24
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	2	CARLOS FERNÁNDEZ POL		407,49 €	2.347,94 €

O gasto que representa a segunda prórroga no exercicio económico do ano **2026**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total <b>ANO 2026</b>
-------------------------	------	---------------	--------	-------	-------------------------------

912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	1	EUROCEBRIAN, S.L.	2.454,55	515,45	2.970,00
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	2	CARLOS FERNÁNDEZ POL	215,59	45,27 €	260,86 €

**Terceiro.-** Adoptado o acordo, deberá de notificarse ás empresas EUROCEBRIAN, S.L. adxudicataria do lote 1,; e a empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL adxudicataria do lote 2, indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(187).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DO PROGRAMA DE AVELLAMENTAMENTO ACTIVO. (LOTE I). EXPTE. 278396/301.**

Visto o o informe de fiscalización do 12/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/02/2025, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23.03.2023, acordou: “Adxudicar a OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. (B-70.493.275) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301) coas seguintes condicións: a) O prezo total do lote é de 322.854,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 56.032,64 euros, cunha porcentaxe de desconto do 20,44 % a aplicar ao prezo unitario de hora de monitor previsto na cláusula 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP. b) Comprométese a achegar, no prazo dos 15 días seguintes ao remate de cada anualidade, a seguinte documentación > Estudos do perfil



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

*básico das persoas usuarias dos obradoiros (procedencia, nivel de formación e forma de coñecemento da actividade) > Enquisas do nivel de satisfacción dos usuarios (actividade, organización e persoal, instalacións e equipamento e comunicación). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 25.04.2023, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de dous (2) anos, contado a partir do 01.05.2023, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP). Consta, en todo caso, a conformidade do actual contratista con esta primeira prórroga (Doc. n.º 250034945; anexo ó expediente n.º 278396/301 co trámite n.º 3) que comprende o período 01.05.2025 – 30.04.2026.

I.4. Figura tamén no expediente de referencia (e no expediente relacionado) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude ordeando a incoación do procedemento administrativo para esta 1ª prórroga (trámite n.º 15).
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.» (B-70.493.275) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

### II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admón. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).

- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

#### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

*normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuir tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

### III.2. PRIMEIRA (1ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – “PROGRAMA DE AVELLANTAMENTO ACTIVO” (LOTE I): XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto (con múltiples criterios) por un prazo inicial de dous (2) anos a partir do 01.05.2023 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesi-

dade de garantir a continuidade deste servizo ás persoas usuarias dos diversos obradoiros e actividades de lecer e socialización, prevención da dependencia e de mantemento e mellora da saúde incluídas no Programa de avellentamento activo da Concellería de Política Social: “VIGO, CIDADE AMIGA DAS PERSOAS MAIORES”.

III.2.7. A primeira (1ª) prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal suscrito o 25.04.2023.

III.2.8. O gasto representado por esta primeira (1ª) prórroga, que é de 161.427,36€, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.226.09.02 (“Programa de avellentamento activo”) dos orzamentos municipais; 107.618,24 € ó exercicio de 2025 (do 01.05.2025 ó 31.12.2025) e 53.809,12 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 30.04.2026).

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

#### IV. CONCLUSIONES

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 25.04.2023 polo Concello de Vigo coa entidade «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.», toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato de servizos formalizado co contratista permanecerán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- e) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

#### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.05.2025 e ata o 30.04.2026, o contrato adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 23.03.2023 á entidade





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

«OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.» (B-70.493.275) por un prezo total (Lote I) de 322.854,72 € e formalizado en documento administrativo o 25.04.2023, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

O contrato prorrógase nas mesmas condicións convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 161.427,36 € que representa esta primeira (1ª) prorroga a favor de «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.» (B-70.493.275), que poderá imputarse á aplicación nº 2310.226.09.02 (“Programa de avellentamento activo”) dos orzamentos municipais; 107.618,24 € ó exercicio de 2025 (do 01.05.2025 ó 31.12.2025) e 53.809,12 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 30.04.2026).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(188).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DO PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO. (LOTE II). EXPTE. 278451/301.**

Visto o o informe de fiscalización do 13/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/03/2025, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 11.08.2023, acordou: “Adxudicar a OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA (F-27.839.752) o procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301) coas seguintes condicións: a) O prezo máximo do contrato é de 70.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.180,00 euros, cunha porcentaxe de desconto do 4,4% a aplicar ao prezo unitario por persoa usuaria e ruta previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP. b) Comprométese a chegar, no prazo dos 15 días seguintes ao remate de cada anualidade, a seguinte documentación: • Estudos do perfil básico das persoas usuarias da actividade (procedencia, nivel de formación e forma de coñecemento da actividade). • Enquisas do nivel de satisfacción dos usuarios (ruta, orga-

*nización e persoal, barco e equipamento e comunicación). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 07.09.2023, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de dous (2) anos, contado a partir do 07.09.2023, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP) e, a primeira delas, comprende o periodo 07.09.2025 – 06.09.2026.

I.4. Figura tamén no expediente de referencia (e no expediente relacionado) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude ordeando a incoación do procedemento administrativo para esta 1ª prórroga (trámite n.º 6).
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA» (F-27.839.752) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### IV. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

#### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou in-

constitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuir tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

### III.2. PRIMEIRA (1ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – “PROGRAMA DE AVELLAMENTO ACTIVO” (LOTE II): XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto (con múltiples criterios) por un prazo inicial de dous (2) anos a partir do 07.09.2023 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo de rutas gratuitas guiadas en barco pola Ría de Vigo, incluídas nas actividades do Programa de avellamento activo da Concellería de Política Social: “VIGO, CIDADE AMIGA DAS PERSOAS MAIORES” .

III.2.7. A primeira (1ª) prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 07.09.2023.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

III.2.8. O gasto representado por esta primeira (1ª) prórroga, que é de 35.090,00€, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.226.09.02 (“Programa de avellentamento activo”) dos orzamentos municipais; 11.111,84 € ó exercicio de 2025 (do 07.09.2025 ó 31.12.2025) e 23.978,16 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 06.09.2026).

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

### IV. CONCLUSIONÍS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 07.09.2023 polo Concello de Vigo coa entidade «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA», toda vez que:

- f) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- g) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- h) As características do contrato de servizos formalizado co contratista permanecerán inalterables.
- i) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- j) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 07.09.2025 e ata o 06.09.2026, o contrato adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 11.08.2023 á entidade «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA» (F-27.839.752) por un prezo máximo (Lote II) de 70.180,00 €, IVE incluído, e formalizado en documento administrativo o 07.09.2023, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

O contrato prorrogase nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 35.090,00€, que representa esta primeira (1ª) prórroga a favor de «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA» (F-27.839.752), que poderá imputarse á aplicación nº 2310.226.09.02 (“Programa de avellentamento activo”) dos orzamentos municipais; 11.111,84 € ó exercicio de 2025 (do 07.09.2025 ó 31.12.2025) e 23.978,16 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 06.09.2026).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)».

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(189).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DO PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO. (LOTE III). EXPTE. 278395/301.**

Visto o o informe de fiscalización do 12/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/02/2025, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 03.03.2023, acordou: “*Adxudicar a AUTOS GONZALEZ, S.L. (B32012486) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) por un prezo máximo do contrato é de 33.880,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.080,00 euros e cunha porcentaxe de desconto do 15,40 % a aplicar ao prezo unitario (sen IVE) de prezo quilómetro previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*”.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 05.04.2023, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de dous (2) anos, contado a partir do 06.04.2023, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finali-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

zación do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP). Consta, en todo caso, a conformidade do actual contratista con esta primeira prórroga (Doc. n.º 250039021; anexado ó expediente n.º 278395/301 co trámite n.º 3) que comprende o período 06.04.2025 – 05.04.2026.

I.4. Figura tamén no expediente de referencia (e no expediente relacionado) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude ordeando a incoación do procedemento administrativo para esta 1ª prórroga (trámite n.º 14).
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.» (B-32012486) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

### II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admón. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admón. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### V. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración

clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVICIOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

### III.2. PRIMEIRA (1ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVICIOS – “PROGRAMA DE AVELLAMENTO ACTIVO” (LOTE III): XUSTIFICACIÓN.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto (con múltiples criterios) por un prazo inicial de dous (2) anos a partir do 06.04.2023 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo de transporte complementario dos obradoiros e actividades do Programa de avellentamento activo da Concellería de Política Social: “VIGO, CIDADE AMIGA DAS PERSOAS MAIORES” que permite levalas a cabo cando se realicen fora dos centros e entidades nas que normalmente se imparten. En concreto, a actividade incluída neste Lote III consiste na realización de viaxes por Galicia e o norte de Portugal (ata un total de 10.000 kms) coas que se trata de fomentar a convivencia e as relacións sociais entre as persoas maiores.

III.2.7. A primeira (1ª) prórroga que aquí se propón realizárase nas mesmas condicións xa convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 05.04.2023.

III.2.8. O gasto representado por esta primeira (1ª) prórroga, que é de 16.940,00€, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.226.09.02 (“Programa de avellentamento activo”) dos orzamentos municipais; 12.469,75 € ó exercicio de 2025 (do 06.04.2025 ó 31.12.2025) e 4.470,25 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 05.04.2026).

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e

de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

#### IV. CONCLUSIONES

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 05.04.2023 polo Concello de Vigo coa entidade «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.», toda vez que:

- k) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- l) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- m) As características do contrato de servizos formalizado co contratista permanecerán inalterables.
- n) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- o) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

#### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

**PRIMEIRO.-** Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 06.04.2025 e ata o 05.04.2026, o contrato adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 03.03.2023 á entidade «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.» (B-32012486) por un prezo máximo (Lote III) de 33.880,00 € e formalizado en documento administrativo o 05.04.2023, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

O contrato prorrogase nas mesmas condicións convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2023.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 16.940,00 € que representa esta primeira (1ª) prórroga a favor de «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.» (B-32012486), que poderá imputarse á aplicación nº 2310.226.09.02 (“Programa de avellentamento activo”) dos orzamentos municipais; 12.469,75 € ó exercicio de 2025 (do 06.04.2025 ó 31.12.2025) e 4.470,25 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 05.04.2026).

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)».

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(190).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA”. EXPTE. 2079/441.**

Visto o informe de fiscalización do 13/03/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pintor Lugo, entre a rúa Álvaro Cunqueiro e rúa López Mora” (2079-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pintor Lugo, entre a rúa Álvaro Cunqueiro e rúa López Mora” (2079-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 2 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS (1.594.174,87 €) segundo a distribución de anualidades proposta:*

2024	100.000,00 €
2025	1.494.174,87 €
TOTAL	1.594.174,87 €

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 28.10.2024.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1539.609.00.70 - proxecto de gasto 24153970 (Vigo Vertical Pintor Lugris)- por importe de 100.000 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 1539.609.00.70 crédito por importe de 1.494.174,87 €.*

*Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.494,17%.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 27 de febreiro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Pintor Lugrís, entre a rúa Álvaro Cunqueiro e rúa López Mora" (2079-441) na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	96,11
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	94,84
3	AVAN INTEGRAL, SL	87,04
4	UTE SERANCO-ORESA	84,27
5	CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU	75,53
6	ORECO BALGON, SA	63,06

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, o día 28 de febreiro de 2025, que presenta a documentación requirida o 5 de marzo de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social, o poder de representación e os certificados de estar ao corrente coa ATRIGA, AEAT e coa Seguridade Social. Figura, asemade a clasificación da licitadora que, habendo clasificación obrigatoria neste procedemento (Grupo J, subgrupo 1, categoría 3 e Grupo G, subgrupo 6, categoría 2) a licitadora posúe as clasificacións: Grupo J, subgrupo 1, categoría 3 e Grupo G, subgrupo 6, categoría 5.
- Declaración de vixencia dos datos que figuran no rexistro.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Seguro de caución por un importe de 61.402,08 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de marzo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 17 e 21 de febreiro de 2025, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pintor Lugo, entre a rúa Álvaro Cunqueiro e rúa López Mora” (2079-441) cun prezo total do contrato de 1.485.930,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 257.888,75 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(191).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE "REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DA CONTORNA URBANA DA GRAN VÍA ENTRE PRAZA ESPAÑA E PRAZA AMÉRICA". EXPTE. 2080/441.**

Visto o informe de fiscalización do 14/03/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 13/03/2025, que di o seguinte:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de "Rehabilitación e transformación da contorna urbana da Gran Vía entre Praza España e Praza América" (2080-441)



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de "Rehabilitación e transformación da contorna urbana da Gran Vía entre Praza España e Praza América" (2080-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 8 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DA CONTORNA URBANA DA GRAN VÍA ENTRE PRAZA ESPAÑA E PRAZA AMÉRICA".*

*Segundo.- - Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado asinado pola Enxeñeira Industrial e conformado polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 14.10.2024.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 24.10.2024.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de "DOUSCENTOS NOVENTA E TRES MIL CINCOCENTOS SESENTA E SEIS con OITENTA E UN CÉNTIMOS" (293.566,81 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 50.949,61 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 2270600 (Redacción técnica de proxectos), a nivel de bolsa de vinculación, segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2024	29.356,68 €
2025	264.210,13 €

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 6 de febreiro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de "Rehabilitación e transformación da contorna urbana da Gran Vía entre Praza España e Praza América" (2080-441) na seguinte orde descendente:*

	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1	ANTEA IBEROLATAM, SLU	91,75
2	GALAICONTROL, SL	91,30
3	UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL	90,06
4	G.O.C., SA	86,21

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ANTEA IBEROLATAM, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais (e materiais) esixidos no apartado 5.F) do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ANTEA IBEROLATAM, SLU, o día 7 de febreiro de 2025, que presenta a documentación requirida o 17 de febreiro de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 27 de febreiro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

outorgar un prazo de 3 días naturais a ANTEA IBEROLATAM, SLU para que puidera emendar a documentación relativa á acreditación da solvencia técnica e profesional, a declaración de vixencia dos datos dos rexistros de licitadores, os medios persoais e a documentación da empresa coa que integra a súa solvencia.. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura o obxecto social, o poder de representación e, no segundo, asemade, os certificados de estar ao corrente coa ATRIGA, AEAT e coa Seguridade Social.
- Declaración de vixencia dos datos que figuran nos rexistros.
- Declaración de non estar incurso o licitador en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (169.832,04 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (205.496,77 €), presentan certificados de boa execución e facturas nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Seguro de caución por un importe (cada un) de 9.134,54 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de marzo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ANTEA IBEROLATAM, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ANTEA IBEROLATAM, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 e 31 de xaneiro de 2025, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ANTEA IBEROLATAM, SLU o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de "Rehabilitación e transformación da contorna urbana da Gran Vía entre Praza España e Praza América" (2080-441) por un prezo total do contrato de 221.055,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 38.365,06 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(192).- SUBVENCIÓN Á ENTIDADE AGRUPACIÓN DE DEPORTE ESCOLAR XÓVENES ATLETAS, PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN ESCOLAR A TRAVÉS DE CROSSES ESCOLARES”. EXPTE. 24491/333.**

Visto o informe xurídico do 25/02/2025 e o informe de fiscalización do 12/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/02/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### 1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 14.02.25, Antero Docampo García, en n/r da entidade Agrupación de deporte escolar Xóvenes Atletas, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención por importe de 6.500,00€ pola organización dun programa de dinamización escolar a través da celebración dun circuíto de crosses escolares.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 11.500,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

1. Proxecto deportivo (Trámite 14-6).
2. Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable) (Trámite 7).
3. Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social (Trámite 14-3)
4. Certificado de ausencia de débedas co Concello de Vigo.
5. Certificado titularidade conta bancaria (Trámite 4).
6. CIF da entidade (Trámite 3)
7. DNI do representante legal (Trámite 5)
8. Rexistro de entidades deportivas (Trámite 6)
9. Estatutos da entidade (Trámite 14-5).
10. Certificado de composición da Xunta directiva Trámite 14-4).

### 2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A a actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos e proxectos deportivos, entre os que destacan os orientados ó deporte de formación e en idade escolar.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás. Neste caso a o programa de dinamización deportiva do deporte escolar a través da celebración dun programa de crosses escolares que abarca todo o curso lectivo é un proxecto único que agrupa todos os crosses escolares que se celebran na cidade de Vigo ó longo do curso escolar.

Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral

para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo. Neste caso, o programa de crosses escolares dinamizado pola Agrupación Xóvenes atletas destaca por agrupar e coordinar a celebración dos distintos crosses ao redor dun proxecto único na cidade.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuindo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- **○** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

Non é posible atopar proxectos comparables na cidade de Vigo, e incluso a nivel Galego, dada a súa singularidade, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto social e deportivo nesta modalidade.

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume de participantes. Non existe na cidade de Vigo ningunha oferta na modalidade similar, xa que se agarda a participación, no total de probas, de máis de 2.500 xóvenes deportistas. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento en extraordinario e único.

O evento permite a participación de escolares de todos os centros da cidade tal como detalla a entidade solicitante no proxecto presentado, o que lle outorga unha capacidade única de dinamización do atletismo.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.

Terceiro.- **○** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel de Vigo, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o alto nivel de impacto entre a poboación escolar da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento atrae a participación de máis de 2.500 deportistas, o que o converte no centro de converxencia do atletismo en idade escolar durante a súa celebración.

A traxectoria e relevancia do evento o sitúa como un referente do deporte en idade escolar

Estes datos identifican claramente a importancia do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión relevante, coa participación dun volume moi relevante de escolares de toda a cidade e cunha asistencia de público destacada.

Este proxecto, ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes iniciativas, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
  - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido asociativo na súa relación do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos proxectos deportivos orientados ó deporte en idade escolar e de formación.
  - Dinamización de propostas de interese para a cidadanía.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
  - Promoción da cidade de Vigo e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a subvención canalizarase a través dunha

resolución cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

## **PROPOSTA**

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 6.500,00€ á entidade Agrupación de deporte escolar Xóvenes Atletas (CIF G36904027) para a realización do proxecto deportivo “Programa de dinamización escolar a través de crosses” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 6.500,00€ para subvencionar o “Programa de dinamización escolar a través de crosses” a favor da entidade Agrupación de deporte escolar Xóvenes Atletas (CIF G36904027), segundo resulta da documentación do expediente nº 24491-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ENTIDADE AGRUPACIÓN XÓVENES ATLETAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN ESCOLAR A TRAVÉS DE CROSSES ESCOLARES” (Expte. 24491-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

## **REUNIDOS**

Dunha parte, F. Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Antero Docampo García, en n/r da entidade Agrupación de deporte escolar Xóvenes Atletas e enderezo social na rúa Clara Campoamor, 3, B1, 1ºG, na representación da mesma, tal e como consta na documentación presentada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## **MANIFESTAN**

I.- O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “**Programa de dinamización**”



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

**escolar a través de Crosses escolares"**, á entidade **Agrupación de deporte escolar Xóvenes atletas**, que agrupa ás ANPAS dos centros escolares que organizan crosses escolares na cidade de Vigo.

**II.-** Que esta entidade vén organizando o programa de crosses escolares, na cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os centros educativos e de difusión da actividade deportiva en idades de formación, estando en condicións de organizar a presente edición conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, presentados pola entidade organizadora.

**III.-** Que é interese do Concello de Vigo potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións de deporte en idade escolar. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os ámbitos da manifestación deportiva.

**IV.-** Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de gran repercusión e arraigo na cidade.

**V.-** Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente,.

**V.-** Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

**VII.-** Que o carácter deportivo se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VIII.-** Que a Agrupación de deporte Escolar Xóvenes atletas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24491-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade do Programa de dinamización escolar a través dos Crosses Escolares, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.-** A Agrupación de deporte Escolar Xóvenes atletas comprométese a organizar “Programa de dinamización escolar a través dos Crosses Escolares”, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar o Programa de dinamización escolar a través dos Crosses Escolares, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoitando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio de cada unha das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia necesarias deseñado para o evento asinado por técnico competente, de ser preceptivo.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento.

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Conceder á Agrupación de deporte escolar Xóvenes Atletas, unha subvención para o desenvolvemento do Programa de dinamización escolar a través dos Crosses Escolares por importe de 6.500,00€ euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do proxecto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade beneficiaria da que é titular.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade

subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sétimo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Oitavo.-** A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Noveno.-** No caso de que a beneficiaria se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do Programa de dinamización escolar a través dos Crosses Escolares.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse

expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.-** O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo noveno -** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Vixésimo.-** A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

**Vixésimo primeiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo segundo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital

### **10(193).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2025. EXPTE. 102159/511.**

Dáse conta da Resolución de data 11/03/2025, asinada polo concelleiro de Área de Orzamentos e Facenda e a secretaria de Goberno local, que di o seguinte:

## DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexilación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos,

**1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica** do ano 2025 que comeza coa inscrición do vehículo matrícula 0000BCS e remata coa inscrición do vehículo matrícula ZA-9992-H, polo importe total de **14.663.590,66€**, correspondentes a un total de 202.693 vehículos e 161.512 recibos emitidos.

**2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica** a 2.087 vehículos para uso exclusivo de persoas con certificado de **discapacidade** igual ou superior ao 33% que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: ED” e “Ano de inicio.bonif: 2025” *(a exención para os restantes vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con efectos para varios exercicios).*

**3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 858 vehículos con **emisións CO2 menores a 120grs/km** así como a 17 vehículos con **eficiencia enerxética A** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: CO2”, “Bonif. Fiscal: Enerxética” e “Ano de inicio.bonif: 2025” e a súa cota bonificada correspondente.

**4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 232 **vehículos eléctricos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Eléctricos” e “Ano de inicio.bonif: 2025” e a súa cota bonificada correspondente *(a bonificación para os restantes vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con carácter indefinido).*

**5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 446 **vehículos híbridos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4a) da Ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Híbrido” e “Ano de inicio.bonif: 2025” e a súa cota bonificada correspondente.

**6.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 16 vehículos **que utilizan combustible GLP** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4d) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: GLP” e “Ano de inicio.bonif: 2025” e a súa cota bonificada correspondente.

**7.- Aprobar a bonificación do 100% da cota do imposto** a 204 vehículos con **antigüidade mínima de 30 anos e con menos de 5000km percorridos**, condicións establecidas no artigo 4



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

apartado 2.3) da ordenanza fiscal vixente, e que aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Equip.” (Equiparable a Históricos) e “Ano de inicio.bonif: 2025” e a súa cota bonificada correspondente.

**8.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

**9.- Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **11(194).- BASES E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025. EXPTE. 21416/77.**

Visto o informe de fiscalización do 13/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/03/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. Obxecto da subvención:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas do Concello de Vigo- que se integra na liña 2.3 de atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: xuventude, do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios, ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego, teñen por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o o financiamento de congresos, seminarios, xornadas ou calquera outro de igual ou similar natureza dirixidas á mocidade da nosa cidade, que mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento .

#### **II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

(LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Emprego.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

### **III. Beneficiarias:**

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público do ámbito educativo, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

### **IV. Finalidade:**

A finalidade que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios e xornadas, é en particular:

- Facilitar encontros entre alumnado e persoas que remataron recentemente a súa formación regrada e o mundo empresarial, no se que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte da mellora da competitividade.
- Impulsar a detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade ao alumnado.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- Atraer o talento da mocidade para conseguir que poidan contribuír ao desenvolvemento económico da nosa periferia.
- Facilitar o emprego das persoas que recentemente remataron a súa formación regrada ao mesmo tempo que por en valor a calidade destas persoas no entorno nacional.

### V. Procedemento de concesión da subvención:

Esta nova convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva.

### VI. Normativa de aplicación:

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### VII. Tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír máis dun evento en dita solicitude.

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación

xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### **VIII. Contía total e crédito orzamentario:**

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **31.000,00€** (Trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800013, denominada “Foros de Emprego”.

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **12.000 euros**.
3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

#### **X. Publicidade:**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA DESENVOLVIMIENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local. Xa que logo, de conformidade co disposto na vixente LRBRL e de acordo coas delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2023, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

### XII. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, nos termos competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 124 da Lei 7/85 e Resolución Alcaldía de delegación de competencias do 28/06/2024), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe de 31.000 € (trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800013 "Foros de Emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego 2025" e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o desenvolvemento de congresos, xornadas,

conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego 2025” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición das persoas usuarias.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025”**

### **BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

#### **Obxecto.**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de congresos, seminarios, xornadas ou calquera outro de igual ou similar natureza dirixidas á mocidade da nosa cidade, que mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento .

#### **Finalidade.**

Estas axudas están dirixidas ao fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios, xornadas u calquera outro de igual ou similar natureza de xeito que se cree un punto de encontro entre a comunidade xuvenil, especialmente alumnado e persoas recen tituladas, e o mundo empresarial, no que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte de mellora da competitividade e impulsar a detec-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

ción de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade á mocidade de Vigo.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios e xornadas, é en particular:

- Facilitar encontros entre alumnado e persoas que remataron recentemente a súa formación regrada e o mundo empresarial, no se que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte da mellora da competitividade.
- Impulsar a detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade ao alumnado.
- Atraer o talento da mocidade para conseguir que poidan contribuír ao desenvolvemento económico da nosa periferia.
- Facilitar o emprego das persoas que recentemente remataron a súa formación regrada ao mesmo tempo que por en valor a calidade destas persoas no entorno nacional.

### **Beneficiarios.**

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público do ámbito educativo, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

### **BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro e institucións de dereito público do ámbito educativo, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. No caso de entidades sen ánimo de lucro deberán atoparse debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos.
5. Carecer a súa actividade de fins de lucro.
6. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao

Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente.

7. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base Oitava desta convocatoria.
8. No atoparse comprendido en ningún dos supostos recollidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.
9. A xustificación por parte dos solicitantes de non atoparse incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiarios realizarase na forma establecida no artigo 13,7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no Título Preliminar, capítulo III, sección 3 do Regulamento da citada Lei Xeral de Subvencións, aprobada polo RD 887/2006, de 21 de xullo.

### **BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

A subvención soamente poderá cubrir os gastos directos. Se consideran gastos directos aqueles vinculados á execución do evento e que financian a consecución dos seus obxectivos.

Considerase gastos subvencionables, os seguintes:

- a) **Gastos de secretaría técnica do evento:** Coordinación do evento, convocatoria e rexistro de asistentes, protocolo.
- b) **Gastos directos dos poñentes,** tales como dietas, transporte, aloxamento.
- c) **Gastos de sede e equipamentos coma:** alugueiros de locais, salóns, carpas e similares; iluminación, megafonía e servizos audiovisuais; rotulación exterior e interior do evento, paneis e carteis indicativos.
- d) **Gastos de Persoal ao servizo do evento:** servizo de azafatas, tradución simultánea, guías turísticos ou similares.
- e) **Gastos de Servizos técnicos e profesionais:** imaxe e creatividade do evento e as súas adaptacións, web do evento, plataformas dixitais o virtuais para a súa difusión e/ou emisión, apps específicas para o evento, material promocional en calquera soporte, publicidade, memorias e similares.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta entidade no ano 2025.

### **BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **31.000,00€** (Trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800013, denominada "Foros de Emprego".



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **12.000 euros**.
3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.
4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

### **BASE 5ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS.**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

### **BASE 6ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**

As entidades e institucións de dereito público beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
3. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
4. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
5. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.

6. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.

7. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

9. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

10. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

#### **BASE 7ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

#### **BASE 8ª.- DOCUMENTACIÓN**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

##### **a) Anexo I: Solicitude:**

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

**b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

**e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención**, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, dito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

### **BASE 9ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que serviran de base para a determinación do importe a conceder serán os seguintes:

## 1.- Calidade do proxecto (máximo 74 puntos):

- **Alcance**, isto é a capacidade do evento de impacto fora do Concello de Vigo, apoiado por difusión a nivel nacional e internacional. (máximo 10 puntos):
  - Perfil internacional: 10 puntos
  - Perfil nacional: 8 puntos
  - Perfil autonómico: 6 puntos
  - Perfil local: 4 puntos
  
- **Duración**, entenderase por xornada aos efectos das presentes bases, a correspondente a 5 horas. No suposto de actuacións realizadas ao longo do ano de xeito descontinuo e por períodos de tempo inferiores a xornada establecida o cómputo realizárase mediante a suma da totalidade das horas prevista entre o número de horas dunha xornada (máximo 8 puntos):
  - Evento de 3 xornadas ou máis: 8 puntos
  - Evento de 2 xornadas: 5 puntos
  - Evento dunha xornada: 3 puntos
  
- **Relación de poñentes** (máximo 16 puntos):
  - Número de poñentes internacionais:
    - Mais de 3 poñentes: 10 puntos
    - De 1 a 3 poñentes: 8 puntos
  - Número de poñentes nacionais:
    - Mais de 3 poñentes: 6 puntos
    - De 1 a 3 poñentes: 5 puntos
  
- **Colaboración con outras entidades públicas ou privadas** para o desenvolvemento do evento (máximo 10 puntos):
  - Colaboración con alo menos 1 entidade publica e 1 privada: 10 puntos
  - Colaboración con 1 o mais entidades públicas: 8 puntos
  - Colaboración con 1 ou mais entidades privadas: 5 puntos
  
- **Actividades complementarias** (talleres, mesas redondas, ...) (máximo 10 puntos)
  - Un punto por actividade complementaria cun máximo de 10 puntos.
  
- **Fomento do voluntariado no evento**: 2 puntos.
  
- **Medidas ou accións de inclusión para o fomento a empregabilidade de persoas con discapacidade**: 2 puntos.
  
- **Entidades participantes no evento mediante a montaxe de stands** e realización de actividades de información e asesoramento (máximo 16 puntos):
  - Entidades Internacionais:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- Mais de 3 entidades internacionais: 10 puntos
- De 1 a 3 entidades internacionais: 8 puntos
- Entidades Nacionais:
  - Mais de 3 entidades nacionais: 6 puntos
  - De 1 a 3 entidades nacionais: 5 puntos

### 2.- Experiencia e antigüidade, acreditada do proxecto (máximo 10 puntos):

- Más de 3 edicións : 10 puntos
- Entre 2 y 3 edicións : 8 puntos
- Primeira edición: 4 puntos

**3.- Número de asistentes previstos**, tanto no formato offline coma online. Como base requírense os datos históricos de asistentes en anteriores edicións e a estimación diferenciada da presente edición (máximo 10 puntos):

- Más de 501 asistentes: 10 puntos
- Entre 251 y 500 asistentes: 8 puntos
- Entre 101 y 250 asistentes: 6 puntos
- Entre 51 y 100 asistentes: 4 puntos
- Inferior a 50 asistentes: 2 puntos

**4.- Achega de recursos propios** para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 6 puntos). Entendese por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios presupostos y e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

- Achega dun 20 % o porcentaxe maior: 6 puntos.
- Achega dun 15 % e inferior ao 20 %: 3 puntos.
- Achega dun 10 % e inferior ao 15 %: 2 puntos.

Os proxectos e actuacións poderán obter unha subvención máxima de 12.000 euros. A porcentaxe de axuda sobre a inversión subvencionable calcularase en base á puntuación que acade o proxecto presentado segundo se detalla de seguido:

Puntos	Importe máximo subvención
91-100	12.000 €
81-90	10.000 €
61-80	8.000 €
45-60	6.000 €
31-44	5.000 €
21-30	2.500 €
15-20	1.500 €

## **BASE 10ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN**

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude ao proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas solicitudes para actividades que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, no vixente exercicio orzamentario.

## **BASE 11ª.- PROCEDIMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados nas presentes bases, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O/a Concelleiro/a da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas ou concelleiro/a en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A/o concelleira/o da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**8. Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

## **BASE 12ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **30 de setembro de 2025** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitud de abono da subvención.

- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

- **Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- En caso de exención do IVE achegárase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Dos documentos xustificativos relacionados, achegáranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

#### **BASE 13ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAP.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

#### **BASE 14ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **BASE 15ª.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### **BASE 16ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custo dos proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

### **BASE 17ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

#### **BASE 18ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### **BASE 19ª.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o financiamento de congresos, seminarios, xornadas dirixidas á mocidade da nosa cidade ” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.

### CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025”

#### **Primeiro. Obxecto e Finalidade.**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas do Concello de Vigo en réxime de concorrencia competitiva - que se integra na “liña 2.3 de atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: xuventude” do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión de axudas dirixidas ao financiamento de congresos, seminarios, xornadas ou calquera outro de igual ou similar natureza dirixidas á mocidade da nosa cidade, que mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios e xornadas, é en particular:

- Facilitar encontros entre alumnado e persoas que remataron recentemente a súa formación regrada e o mundo empresarial, no se que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte da mellora da competitividade.
- Impulsar a detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade ao alumnado.
- Atraer o talento da mocidade para conseguir que poidan contribuír ao desenvolvemento económico da nosa periferia.
- Facilitar o emprego das persoas que recentemente remataron a súa formación regrada ao mesmo tempo que por en valor a calidade destas persoas no entorno nacional.

## **Segundo. Beneficiarias.**

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público do ámbito educativo, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

## **Terceiro. Réxime da convocatoria.**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

## **Cuarto. Normativa e bases reguladoras.**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2025, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **Quinto. Contía das axudas.**

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **31.000,00€** (Trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800013, denominada "Foros de Emprego".

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **12.000 euros**.

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

## **Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar **unha única solicitude**, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

### **Sétimo: Documentación**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

#### **a) Anexo I: Solicitude:**

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
  - Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

#### **b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

#### **c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

**e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención**, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, dito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

#### **Oitavo. PROCEDEMENTO: Instrución, Resolución, Notificación e/ou Publicación, Recursos e Renuncia.**

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados nas presentes bases, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- 1 Presidente: O/a Concelleiro/a da Área de Goberno de Emprego, Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.
- 

A/o concelleira/o da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliáranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**8. Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse

por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

## **Noveno. Criterios de valoración.**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

### **1.- Calidade do proxecto (máximo 74 puntos):**

- **Alcance**, isto é a capacidade do evento de impacto fora do Concello de Vigo, apoiado por difusión a nivel nacional e internacional. (máximo 10 puntos):
  - Perfil internacional: 10 puntos
  - Perfil nacional: 8 puntos
  - Perfil autonómico: 6 puntos
  - Perfil local: 4 puntos
- **Duración**, entenderase por xornada aos efectos das presentes bases, a correspondente a 5 horas. No suposto de actuacións realizadas ao longo do ano de xeito des-





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

continuo e por períodos de tempo inferiores a xornada establecida o cómputo realizárase mediante a suma da totalidade das horas prevista entre o número de horas dunha xornada (máximo 8 puntos):

- Evento de 3 xornadas ou máis: 8 puntos
  - Evento de 2 xornadas: 5 puntos
  - Evento dunha xornada: 3 puntos
  - **Relación de poñentes** (máximo 16 puntos):
    - Número de poñentes internacionais:
      - Mais de 3 poñentes: 10 puntos
      - De 1 a 3 poñentes: 8 puntos
    - Número de poñentes nacionais:
      - Mais de 3 poñentes: 6 puntos
      - De 1 a 3 poñentes: 5 puntos
  - **Colaboración con outras entidades públicas ou privadas** para o desenvolvemento do evento (máximo 10 puntos):
    - Colaboración con alo menos 1 entidade publica e 1 privada: 10 puntos
    - Colaboración con 1 o mais entidades públicas: 8 puntos
    - Colaboración con 1 ou mais entidades privadas: 5 puntos
  - **Actividades complementarias** (talleres, mesas redondas, ...) (máximo 10 puntos)
    - Un punto por actividade complementaria cun máximo de 10 puntos.
  - **Fomento do voluntariado no evento**: 2 puntos.
  - **Medidas ou accións de inclusión para o fomento a empregabilidade de persoas con discapacidade**: 2 puntos.
  - **Entidades participantes no evento mediante a montaxe de stands** e realización de actividades de información e asesoramento (máximo 16 puntos):
    - Entidades Internacionais:
      - Mais de 3 entidades internacionais: 10 puntos
      - De 1 a 3 entidades internacionais: 8 puntos
    - Entidades Nacionais:
      - Mais de 3 entidades nacionais: 6 puntos
      - De 1 a 3 entidades nacionais: 5 puntos
- 2.- Experiencia e antigüidade**, acreditada do proxecto (máximo 10 puntos):
- Más de 3 edicións : 10 puntos
  - Entre 2 y 3 edicións : 8 puntos

- Primeira edición: 4 puntos

**3.- Número de asistentes previstos**, tanto no formato offline coma online. Como base requírense os datos históricos de asistentes en anteriores edicións e a estimación diferenciada da presente edición (máximo 10 puntos):

- Más de 501 asistentes: 10 puntos
- Entre 251 y 500 asistentes: 8 puntos
- Entre 101 y 250 asistentes: 6 puntos
- Entre 51 y 100 asistentes: 4 puntos
- Inferior a 50 asistentes: 2 puntos

**4.- Acheга de recursos propios** para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 6 puntos). Entendese por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios presupostos y e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

- Acheга dun 20 % o porcentaxe maior: 6 puntos.
- Acheга dun 15 % e inferior ao 20 %: 3 puntos.
- Acheга dun 10 % e inferior ao 15 %: 2 puntos.

Os proxectos e actuacións poderán obter unha subvención máxima de 12.000 euros. A porcentaxe de axuda sobre a inversión subvencionable calcularase en base á puntuación que acade o proxecto presentado segundo se detalla de seguido:

Puntos	Importe máximo subvención
91-100	12.000 €
81-90	10.000 €
61-80	8.000 €
45-60	6.000 €
31-44	5.000 €
21-30	2.500 €
15-20	1.500 €

#### Décimo. Outros datos.

A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **30 de setembro de 2025** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

### **Décimo primeiro. Publicación.**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

### EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XX/XX/XX POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIONES PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **Primeiro.- Obxecto e Finalidade:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de congresos, seminarios, xornadas ou calquera outro de igual ou similar natureza dirixidas á mocidade da nosa cidade, que mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento para o ano 2025.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios e xornadas, é en particular:

- Facilitar encontros entre alumnado e persoas que remataron recentemente a súa formación regrada e o mundo empresarial, no se que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte da mellora da competitividade.
- Impulsar a detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade ao alumnado.
- Atraer o talento da mocidade para conseguir que poidan contribuír ao desenvolvemento económico da nosa periferia.
- Facilitar o emprego das persoas que recentemente remataron a súa formación regrada ao mesmo tempo que por en valor a calidade destas persoas no entorno nacional.

### **Segundo.- Beneficiarias:**

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público do ámbito educativo, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

### **Terceiro.- Bases reguladoras:**

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/XX e publicadas en <http://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

### **Cuarto.- Contía:**

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **31.000,00€** (Trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800013, denominada "Foros de Emprego".

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **12.000 euros**.
3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

### **Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes:**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

### **Sexto.- Documentación:**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

#### **a) Anexo I: Solicitude:**

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
  - Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

#### **b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

#### **c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

**e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención**, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, dito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

#### **Sétimo.- Outros datos:**

A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día 30 de setembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

#### **12(195).- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)- ANO 2025. EXPTE. 18540/306.**

Visto o informe de fiscalización do 14/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/03/2025, asinado polo técnico de Administración xeral, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

##### **I.- Antecedentes.**

1.- En data do 08.02.2024, a Fegamp remitiu correo electrónico informando de que a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un novo Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática (vespa velutina).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

En data do 06.03.2024, remitiuse escrito á Fegamp comunicando que o Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 01.03.2024, estaba interesado en acollerse a este plan polo que a Xunta de Galicia asumiría a realización das actuacións necesarias para a eliminación de niños de vespa velutina no termo municipal de Vigo.

2.- En data do 05.03.2025, a Fegamp remitiu correo electrónico informando de que a Xunta de Galicia e a Fegamp, con data 04/03/2025, asinaron un novo Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática (vespa velutina), indicando que para adherirse debe remitirse o Anexo II debidamente cuberto e asinado antes do vindeiro 04.04.2025.

Indicaban, tamén, que o convenio asinado está publicado para xeral coñecemento na web da fegamp “www.fegamp.gal” no enderezo:

<https://difusion.fegamp.gal/c/vII009/1oma8vfw/1re4a3-z4js>

### II.- Fundamentos de dereito.

O convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2025 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos, figurando o Concello de Vigo incluído dende o ano 2020, e debendo adherirse para o ano 2025, en cumprimento do Anexo I do convenio.

As obrigas da Xunta de Galicia concrétanse en:

*“ A administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:*

*1. Potenciar o portal de internet “eido local” (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa velutina.*

*2. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.*

*3. Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de vespa velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avésa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:*

*. Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de Vespa Velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación <https://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.*

*. Eliminación/neutralización de niños activos de avésa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.*

*Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.*

*. Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.”*

Pola súa banda, as obrigas das entidades locais adheridas concréntanse en:

*“. Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa Velutina, a requirimento da Xunta de Galicia ou por propia iniciativa.*

*. Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa Velutina da Xunta de Galicia”.*

O convenio ten unha duración ata o 30 de decembro de 2025, sen prexuízo das prórrogas que se acorden antes da súa finalización.

En anos anteriores, a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes encargou á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA) a execución dos traballos de retirada e destrución de niños incluídos no Programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina).

A adhesión ó convenio non implica gastos de ningún tipo para o Concello de Vigo, limitándose a colaboracións con medios propios.

A competencia en materia de animais salvaxes -como é a vespa velutina- e exclusivamente da Xunta de Galicia, non obstante a súa nidificación pode afectar as zonas urbanas ou a seguridade das persoas onde concorren, tamén, competencias municipais na protección do medio ambiente urbano e seguridade dos cidadáns de conformidade co establecido no artigo 25.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL.

Tamén, con carácter xeral, considérase de interese xeral o control da vespa velutina para o protección da fauna autóctona e conservación do medio natural.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

O convenio de que se trata (a súa adhesión a este) é un convenio de colaboración interadministrativo dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.1. da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas entre sí, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente e seguridade das persoas.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido, polo que se xustifica a conveniencia e oportunidade para a adhesión ó citado convenio.

É competente para a aprobación da adhesión do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.-** Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ó Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avéspera asiática (*Vespa Velutina*), asinado polas partes en data 04.03.2025.

**SEGUNDO.-** En virtude da resolución de delegación de competencias do alcalde de data 19.06.2023 (BOPPO do 28.06.2023) corresponde á terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, a formalización da adhesión cumprimentando o Anexo II do convenio.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(196).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA FAUNA E DAS INSTALACIÓNS E REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DIVULGATIVAS DO EXOTARIUM EN VIGONATURE. EXPTE. 12701/612.**

Visto o informe xurídico do 11/03/2025 e o informe de fiscalización do 14/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/03/2025, asinado polo director de Réxime Interior e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

Debido a necesidade de contratación do servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do Exotarium en VigoNature pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do Exotarium. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do Exotarium para a fauna desta instalación.

Como consecuencia do anterior, con data de 9 de setembro de 2024, a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoNature, se inicie o expediente para a servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do Exotarium en VigoNature.

En vista do anterior dende este servizo, elabora a memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 18/11/24 e pola terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística coa mesma data.
2. Orde de inicio da terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística na data 18/11/2024.
3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior o 03/03/2025 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
4. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoNature o 28/02/2025 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
5. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Conservador de VigoNature o 11/12/2024.
6. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 10/02/25, sobre a comprobación documental do expediente
7. Dilixencia de correccións de erros asinado pola Técnica de Administración Xeral de data 06/03/2025.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

8. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 06/03/25.

### 2.- Condicións definitorias do contrato:

#### a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación da xestión e mantemento da fauna e das instalacións do Exotarium e realización de accións divulgativas asociadas á mesma no ámbito das instalacións de VigoNature.

#### b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

#### c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (74.277,08 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (12.891,53 €) e o valor estimado (184.156,65 €). A execución do contrato abrangue dúas anualidades.

- VIGONATURE (337.1. 227.99.01 "Reptilario")

Importe

---

2025	55.962,18 €
2026	18.314,90 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

#### d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos

positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Este servizo nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 1 ano con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a suma dos seguintes importes:

- O importe da parte fixa do contrato (mantemento): será o importe anual do prezo ofertado polo contratista dividido por 12 mensualidades.
- O importe da parte variable do contrato (charlas divulgativas): será o importe das prestacións efectivamente realizadas segundo os prezos unitarios recollidos nesta memoria aos que se descontará a baixa ofertada, no seu caso, polo contratista.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

g) Clasificación / Solvencia

Non procede.

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior de VigoNature.

i) Seguro

Exixise a constitución dunha póliza de responsabilidade civil dun importe mínimo de 100.000,00 € durante o prazo contractual.

O contratista deberán achegar o certificado da compañía aseguradora legalmente autorizada sobre a vixencia das pólizas dos seguros antes citados, onde tamén se faga constar que as pólizas incluírán a actividade da empresa licitadora no centro obxecto do contrato, no caso de ser adxudicataria.

### **3.- Criterios de adxudicación e ponderación**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoNature de data 05/02/2025 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable na mesma data, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 6 das FEC prevese a valoración dos criterios:

A) Criterios avaliados mediante xuízo de valor:

- Plan de servizos ata un máximo de 40 puntos.

B) Criterios avaliados a través de fórmula:

1. Redución do prezo do contrato: valorarase con ata 50 puntos.
2. Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G destas FEC, para a parte variable do contrato valorarase con ata 10 puntos.

#### 4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

#### **PROPOSTA:**

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto do servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do Exotarium en VigoNature (exp.12701-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Conservador de VigoNature con data 11/12/24 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos con data 06/03/25.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 74.277,08 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración ( 12.891,53 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.99.01 "Reptilario".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(197).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ORAL NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ORALIDADE DE VIGO (CIOV). EXPTE. 3124/334.**

Visto o informe xurídico do 03/03/2025 e o informe de fiscalización do 11/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/02/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada de Normalización Lingüística, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**1.-Aprobación expediente de contratación:** a Xunta de Goberno Local, na sesión do 1 de decembro de 2022, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do servizo de formación en materia de improvisación e narración oral en lingua galega do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV), así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) do 03/10/2022 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) do día 18/10/2022 que rexen a licitación, mailo gasto por importe de 58.576,10 euros; e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**2.-Adxudicación:** a Xunta de Goberno Local na sesión do 3 de novembro de 2023 acordou adxudicar a ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA o lote 1 “Formación en improvisación oral”, o lote 2 “Actividades en improvisación oral nos centros escolares e na rúa” e o lote 3 “Formación en narración oral” do procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV), coas seguintes condicións:

- Lote 1 “Formación en improvisación oral”

➤O prezo total do contrato é de 8.800,00 euros, IVE excluído.

- Lote 2 “Actividades en improvisación oral nos centros escolares e na rúa”

➤O prezo total do contrato é de 32.868,00 euros, IVE excluído.

- Lote 3 “Formación en narración oral”

➤O prezo total do contrato é de 11.110,00 euros, IVE excluído.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**3.-Prazos:** o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) refírese aos prazos na cláusula 26:

*“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.”*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

- A) *PRAZO TOTAL: 2 anos*
- B) *PRAZOS PARCIAIS: non se fixan*
- C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: 1 prórroga dun ano de duración*
- D) *DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: xaneiro de 2023*

**4.- Formalización do contrato:** o contrato foi formalizado con data do 14 de novembro de 2023, entre o Concello de Vigo e a adxudicataria, establecéndose na súa cláusula 4.<sup>a</sup> que “*O prazo do contrato é de 2 anos, contado a partir da última sinatura do mesmo. Contémplase unha prórroga dun ano de duración*”. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 13 de novembro de 2025.

**5.-Preaviso da prórroga:** en consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que “*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses*”.

Con data do 5 de febreiro de 2025, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato do servizo de formación en materia de improvisación e narración oral en lingua galega do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV), conforme ao estipulado.

**6.-Prestación do servizo:** a prestación do servizo de formación en materia de improvisación e narración oral en lingua galega do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV) por parte da entidade actualmente adxudicataria (Asociación ORAL de Galicia) estase a realizar coa plena satisfacción deste Servizo de Normalización Lingüística, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Normalización Lingüística enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 14/11/2025 e o 13/11/2026.

**7.-Orzamento:** o prezo total do contrato quedou aprobado da forma seguinte:

- Lote 1 "Formación en improvisación oral"

➤ O prezo total do contrato é de 8.800,00 euros, (exento de IVE), sendo o prezo por anualidade de 4.400,00 €.

- Lote 2 "Actividades en improvisación oral nos centros escolares e na rúa"

➤ O prezo total do contrato é de 32.868,00 euros, (exento de IVE), sendo o prezo por anualidade de 16.434,00 €.

- Lote 3 "Formación en narración oral"

➤ O prezo total do contrato é de 11.110,00 euros, (exento de IVE), sendo o prezo por anualidade de 5.555,00 €.

No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en:

➤ Período 14/11/2025 - 13/11/2026:

Lote 1: 4.400,00 €

Lote 2: 16.434,00 €

Lote 3: 5.555,00 €

Que se dividirían en dúas anualidades:

Lote 1: 4.400,00 €

do 14/11/2025 ao 31/12/2025: 1.500,00 €

do 01/01/2026 ao 13/11/2026: 2.900,00 €

Lote 2: 16.434,00 €

do 14/11/2025 ao 31/12/2025: 4.000,00 €

do 01/01/2026 ao 13/11/2026: 12.434,00 €

Lote 3: 5.555,00 €

do 14/11/2025 ao 31/12/2025: 1.500,00 €

do 01/01/2026 ao 13/11/2026: 4.055,00 €

Os referidos importes poderán imputarse á aplicación orzamentaria 3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo) dos exercicios 2025 e 2026, conforme á anterior división.

**8.-Competencia:** a competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4.º da Lei 9/2017.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para o servizo de formación en materia de improvisación e narración oral en lingua galega do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV) (expte. 3124-334) para o período comprendido entre o 14/11/2025 e o 13/11/2026, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer o seguintes importes correspondentes a esta prórroga, a favor de Asociación ORAL de Galicia (G-36 845 428):

Lote 1: 4.400,00 €

Lote 2: 16.434,00 €

Lote 3: 5.555,00 €

Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo) e a súa distribución anual será a seguinte:

-con cargo ao exercicio orzamentario 2025 [do 14/11/2025 ao 31/12/2025]:

Lote 1: 1.500,00 €

Lote 2: 4.000,00 €

Lote 3: 1.500,00 €

-con cargo ao exercicio orzamentario 2026 [do 01/01/2026 ao 13/11/2026]:

Lote 1: 2.900,00 €

Lote 2: 12.434,00 €

Lote 3: 4.055,00 €

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(198).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS: LOTE 3. EXPTE. 3120/334.**

Visto o informe xurídico do 03/03/2025 e o informe de fiscalización do 11/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/02/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada de Normalización Lingüística, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES:**

**1.-Aprobación expediente de contratación:** a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2022, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do servizo de formación e dinamización en lingua e cultura galegas, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) do 10/11/2022 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) do día 29/11/2022 que rexen a licitación, mailo gasto por importe de 38.386,04 euros; e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**2.-Adxudicación:** a Xunta de Goberno Local na sesión do 7 de xullo de 2023 acordou adxudicar á entidade NORFORMACIÓN, S.L. (NIF: B-36 343 218) o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334) (lote 3) coas seguintes condicións:

- a) Propón unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios do lote 3 do 5,1 %.
- b) Comprométese a deseñar, realizar e valorar enquisas, ou outro medio de estudo avaliativo, que permitan avaliar o nivel de satisfacción das actividades ofertadas conforme ao previsto no apartado 7B desta FEC.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**3.-Prazos:** o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) refírese aos prazos na cláusula 26:

*“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.”*

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

- A) *PRAZO TOTAL: 2 anos*
- B) *PRAZOS PARCIAIS: non se fixan*
- C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: 1 prórroga dun ano de duración*
- D) *DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: xaneiro de 2023*

**4.- Formalización do contrato:** o contrato foi formalizado con data do 9 de agosto de 2023, entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na súa cláusula 4.<sup>a</sup> que *“O prazo total do contrato é de dous anos, contados dende o 1 de outubro do 2023 ata o 30 de setembro de 2025. Contémplase unha prórroga dun ano de duración.”* En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 30 de setembro de 2025.

**5.-Preaviso da prórroga:** en consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

Con data do 6 de febreiro de 2025, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (lote 3), conforme ao estipulado.

**6.-Prestación do servizo:** a prestación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (lote 3: escrita creativa) por parte da entidade actualmente adxudicataria [NORFORMACIÓN, S.L. (NIF: B-36 343 218)] estase a realizar coa plena satisfacción deste Servizo de Normalización Lingüística, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Normalización Lingüística enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/10/2025 e o 30/09/2026.

**7.-Orzamento:** o prezo máximo do contrato é de 10.115,60 (IVA incluído) cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios do 5,1 %.

No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en: 5.057,80 euros que se dividiría en dúas anualidades: 2.528,90 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 01/10/2025 ao 31/12/2025) e 2.528,90 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 01/01/2026 ao 30/09/2026) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3341.226.06.00 (Cursos, xornadas, seminarios) dos exercicios do 2025 e do 2026, conforme á anterior división.

**8.-Competencia:** a competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4.º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para o servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (lote 3: escrita creativa) (expte. 3120-334) para o período comprendido entre o 01/10/2025 e o 30/09/2026, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 5.057,80 euros correspondente a esta prórroga, a favor de NORFORMACIÓN, S.L. (NIF: B-36 343 218). Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3341.226.06.00 (Cursos, xornadas, seminarios) e a súa distribución anual será a seguinte:

-Con cargo ao exercicio orzamentario 2025  
(do 01/10/2025 ao 31/12/2025): 2.528,90 euros

-Con cargo ao exercicio orzamentario 2026  
(do 01/01/2026 ao 30/09/2026): 2.528,90 euros

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(199).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO CON CARGO A PRAZA DE RECEPCIONISTA DE CEDRO. EXPTE. 46103/220.**

Visto o informe de fiscalización do 10/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/03/2025, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**I.-** Consta no expediente solicitude da área da xefatura da área de Benestar Social conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable, solicitando a urxente cobertura das prazas vacantes da categoría profesional de Recepcionista de Cedro 315 (expte. 44994-220)

**II.-** Consta tramitado procedemento de provisión do dito posto de traballo, no expte. 45127-220, para a provisión do posto de traballo vacante, quedando a convocatoria deserta por falta de aspirantes presentados.

**III.-** En data de sinatura electrónica 5/02/2025, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar a incoación do expediente.

**IV.-** Consta informe de verificación administrativa de data 7/03/2025, que inclúe candidata/o en condicións de ser nomeada/o por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos.

**V.-** Consta informe de data 7/03/2025 de verificación da non superación do límite porcentual establecido no art. 2.3 da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LMURTEP) e cuantificación económica do gasto.

**VI.-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

#### I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

***No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***

***Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.***

No informe de viabilidade da provisión de postos con carácter temporal emitido en data 12/02/2025 emitido no expte. 46117-220, se indica:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

**“5.- En defecto da anterior posibilidade (comisión de servizos), selección e nomeamento de persoal interino con duración temporal: tal duración deberá constar como expresamente limitada no acto administrativo de nomeamento, en salvagarda de responsabilidades de autoridades e funcionarios públicos e en cumprimento das previsións normativas: enténdese axustado a Dereito o nomeamento interino de 2 efectivos con cargo ás prazas asociadas aos postos de traballo vacantes, debendo limitarse o seu nomeamento ao tempo imprescindible para a executar e/ou resolver o estado e viabilidade do concurso ordinario de traslados, e determinándose no acto administrativo de nomeamento que o persoal interino nomeado será cesado no momento en que, por calquera dos sistemas de mobilidade ou de provisión que o Concello convoque, os postos podan ser ocupados por persoal funcionario de carreira; e establecendo que en todo caso a duración máxima non poderá ser superior aos dous anos a contar dende a data de nomeamento, producíndose a extinción automática do vínculo de servizo interino (e conseguinte cese do efectivo) o día anterior ao da data de cumprimento dos dous anos indicados”**

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación 1 RECEPCIONISTA CEDRO con cargo a praza vacante.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo Recepcionista do CEDRO (ref. Posto: 3150109).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

#### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

#### **V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 52 do expediente) consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo número **46103/220** infórmase o seguinte:*

- *Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia e dilixencia para tramitación de nomeamento interino de 1 efectivo na categoría de recepcionista de CEDRO, con cargo a unha praza vacante (art. 10.1.a) TREBEP), existe lista de reserva do Concello de Vigo vixentes na categoría de subalerno con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os, procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- *Os ditos chamamentos realízanse coa foto fixa do programa de xestión de bolsas de reserva de data 17/02/2025 (trámite 18).*
- *No chamamento da **lista de subalerno**, acepta o primeiro candidato da bolsa.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- *De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento as candidatos que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:*

**Como recepcionista de CEDRO:** J. Ramos Pascual, con DNI \*\*\*2473\*\*

..."

O/a aspirante interesada/o e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

### VI. - Proposta de gasto:

Segundo o informe de cuantificación económica emitido en data 7/03/2025, o custo para 1 posto cod. 81-Recepcionista de CEDRO, de iniciarse a súa relación o 15/03/2025, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2025:

S.Base	CD	CE	Pagas extra xuño - dec.	S. social empr.	Total/posto
6.234,19 €	3.467,22 €	8.375,49 €	3.012,81 €	6.558,90 €	27.648,60 €

Polo que o custo total para un posto de Recepcionista do CEDRO (ref. RPT 3150109) sería de 27.648,60 € .

Solicítase que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

### VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales*

*públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

*a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*

*b) La intervención formal de la ordenación del pago.*

*c) La intervención material del pago.*

*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

#### **VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

#### **IX.- PROPOSTA DE ACORDO**

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 1 RECEPCIONISTA DO CEDRO
- Modalidade legal: funcionarias/os interinas/os para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), ata a súa cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade, salvo que proceda a súa amortización.
- Destino: 315 CEDRO (Benestar Social)
- Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 2 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.

Custe económico: O custo para 1 posto ref. RPT 3150109 Recepcionista de CEDRO, de iniciarse a súa relación o 15/03/2025, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2025:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

S.Base	CD	CE	Pagas extra xuño - dec.	S. social empr.	Total/posto
6.234,19 €	3.467,22 €	8.375,49 €	3.012,81 €	6.558,90 €	27.648,60 €

Polo que o custo total para un posto de Recepcionista do CEDRO (ref. 3150109) sería de 27.648,60 € .

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionaria/o interina/o con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva das prazas co límite temporal máximo de **2 anos** nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, como Recepcionista do CEDRO ao candidata/o:

- **J. Ramos Pascual, con DNI \*\*\*2473\*\***

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, xefatura de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **17(200).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EDUCATIVO DA REDE DE MUSEOS. EXPTE. 3790/341.**

Visto o informe xurídico do 14/03/2025 e o informe de fiscalización do 17/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/03/2025, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

### **ANTECEDENTES**

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 2 de novembro de 2024.
- Memoria económica de data 23 de novembro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificados de retención de crédito de data 16 de xaneiro de 2025 (operación nº 12025000004121 RC e 12025000004122 RC\_FUT).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 13 de novembro de 2024 asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas de data 13 de novembro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Museos Municipais.
- Memoria xustificativa de data 18 de decembro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Museos Municipais, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- Informe, de data 18 de decembro de 2024 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 18 de decembro de 2024, asinado pola pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Area, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou, con data 2 de novembro de 2024, o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación por procedemento aberto, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais.

**Cuarto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Museos Municipais, conformada polo concelleiro-delegado de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

**Quinto:** Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

**Sexto:** Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.

- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

**Sétimo:** No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto.

**Oitavo** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 16 de xaneiro de 2025 (operación nº 12025000004121 RC e 12025000004122 RC\_FUT).

**Décimo:** Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concellleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

**Décimo primeiro:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 13 de novembro de 2024, redactado polo xefe do servizo de Museos Municipais.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 18 de decembro de 2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **105.413,04 € (87.118,21 € máis 18.294,83 € correspondentes ao ive a soportar pola administración)**, con cargo á aplicación orzamentaria 3330.226.09.04 "Programa educativo" e as seguintes anualidades:

2025 (01/05/2025 - 31/12/2025)	2026 ( 01/01/2026 - 31/12/2026)	2027 (01/01/2027 - 28/04/2027)
<b>35.137,68 €</b>	<b>52.706,52 €</b>	<b>17.568,84 €</b>

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(201).- APROBACIÓN DO PROXECTO "REFORMA DO INMOBLE SITO NA RÚA ENRIQUE LORENZO NÚM. 54 (TEIS) PARA USO DE BIBLIOTECA". EXPTE. 6653/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 13/03/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 12.06.2024 resolveu autorizar o gasto e o contrato menor para "Actualización do proxecto de obras de reforma do inmoble sito na rúa Enrique Lorenzo nº 54 (Teis) para uso de biblioteca", a prol da entidade Arquitectural SL, con CIF B92511385.

II.- A dita mercantil presenta, trala fase de supervisión, proxecto de "REFORMA DO INMOBLE SITO NA RUA ENRIQUE LORENZO, N° 54 (TEIS) PARA USO DE BIBLIOTECA", redactado e asinado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON OITO CÉNTIMOS (1.032.871,08 €).

III.- O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 24.02.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e deportes na mesma data, a proposta do Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** O obxecto do proxecto é describir os traballos a realizar para a demolición dun edificio e posterior construción dun novo. O edificio, sin uso nin mantemento, está composto de semisoto, tres plantas e cuberta plana e situase na rúa Enrique Lorenzo, nº 54, no barrio de Teis (Vigo).

As súas fachadas non son de interese a conservar polo que, a demolición será total. Dito inmovible foi construído en 1950 e ten unha superficie construída, segundo datos da Dirección Xeral de Catastro de 1063 m<sup>2</sup>, nunha parcela de 217 m<sup>2</sup>. O inmovible estivo dedicado a centro de saúde. Actualmente está pechado e sen uso dende fai mais de 10 anos.

O citado inmovible foi cedido polo Ministerio de Traballo ao Concello de Vigo para destinalo a servizos públicos municipais en data 10/09/2018. A citada cesión foi aceptada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 15/10/2018.

Procederáse a demolición da edificación existente que atópase en situación de fora de ordenación por superalo dereito edificatorio, e o valor das obras necesarias para a súa adecuación superan o 50% do valor do inmovible, polo que o mesmo se atoparía na situación de ruína económica. Polo tanto, será preciso a súa demolición íntegra, coa correspondente retirada dos materiais que compoñen actualmente o mesmo.

A demolición proposta executarase de forma descendente, con previa retirada de instalacións, louza de aseos e carpinterías e posterior machaqueo in situ dos elementos estruturais, para o seu transporte a vertedoiro e reciclaxes que sexan preceptivos, sinalados no proxecto.

O edificio por ser de tipoloxía medianeira, require que para a súa demolición se adopten unha serie de precaucións necesarias para salvagardar os bens e propiedades axeas lindeiras.

Incorpórase no proxecto Expediente de Ruína Técnica.

Unha vez efectuada o total baleirado da parcela, efectuarase a comprobación oportuna da resistencia do subsolo, coa finalidade de efectuar unha nova edificación composta de baixo porticado e planta alta para biblioteca, coas seguintes características construtivas:

- Cimentación e estrutura efectuada por medio de elementos autoportantes de formigón armado, cuberta a base de tratamento superficial de illamentos e impermeabilizantes, transitable e fachadas efectuadas con dobre tabiquería de ladrillo, revestida interiormente e con paneis de formigón prefabricados no seu acabado exterior.
- Divisións interiores a base de ladrillo oco sinxelo, co seu correspondente revestimento e alicatados en locais húmidos. Carpintería exterior de aluminio con rotura de ponte térmico e verxa metálica de protección na planta baixa porticada. Carpintería interior a base de portas de paso de madeira, varandas de protección metálicas e de vidro.
- Dotacións de instalación de saneamento horizontal e vertical, fontanería, electricidade, sistema de renovación de aire con climatización, alumeadado, telecomunicacións, protección contra lumes e control de videovixiancia no interior e zona porticada.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

A nova edificación consta, polo tanto, de dúas plantas para uso de sala de lectura. A súa fachada, en liñas rectas, está deseñada mediante o sistema de fachada ventilada de Krión e grandes ventás.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 14 (CATORCE) MESES.

V.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 12.03.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*

*A nova edificación proposta en substitución da existente, debido ao seu estado de ruína técnica e urbanista, segundo consta no proxecto, axústase as ordenanzas de aplicación tanto no PXOU/93, I.O.P. e novo PXOU/21 con aprobación inicial; Neles son permisibles o uso terciario proposto (local de reunión e cultural), tal como consta na xustificación incluída no apartado 02 da Memoria do Proxecto.*

*Actualmente encontrase vixente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993, debido á declaración de nulidade da Ordenación Municipal de Vigo PXOM-08 segundo sentenza do Tribunal Supremo recurso casación núm. 1658/2014.*

*En aquelas zonas onde o PXOU-93 non se axusta á realidade urbanística existente no término municipal, é de aplicación o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), elaborado polos Servizos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e aprobado definitivamente o 24 de Xullo de 2019.*

*No PXOU 1993 a edificación está dentro da Ordenanza número 4.5 de zonas para outras institucións. No PXOM 2021 encontrase dentro da Ordenanza U8. Actuacións unitarias consolidadas: "Permítese o uso: Dotacional-Equipamentos".*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tívéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

Aprobar o proxecto de **"REFORMA DO INMOBLE SITO NA RUA ENRIQUE LORENZO, Nº 54 (TEIS) PARA USO DE BIBLIOTECA"**, redactado e asinado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON OITO CÉNTIMOS (1.032.871,08 €) e de data da sinatura dixital 21 de febreiro de 2025.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### **19(202).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DO PROXECTO DE “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. EXPTE. 2225/441.**

Visto o informe xurídico do 12/03/2025 e o informe de fiscalización do 17/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/02/2025, asinado técnica de Xestión, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.10.2024, aprobou o proxecto de "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS" redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), con data da sinatura xullo de 2024. (Expte. 6403-443).

2º.- A Xunta de Goberno Local de data 09.12.2024 acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente. (Expte. 2121-441). Actualmente o dito expediente atópase en fase de valoración das ofertas presentadas polos licitadores admitidos no procedemento.

3º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 27.01.2025 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal en data 28.01.2025 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos acordou o inicio do expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben a presente memoria, considérase axeitado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a súa definición:

4.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais con data 27.01.2025, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 28.01.2025.

- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 30.01.2025.
- d) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30.01.2025.
- e) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación en data 05.02.2025.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada en datas 07 e 10.02.2025.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 21.02.2025.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 21.02.2025.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

### **III.- PROPOSTA:**

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", cun orzamento orzamento base de licitación ascende a un total de CENTO SESENTA E SETE MIL TRESCENTOS SESENTA E SETE EUROS con VINTE CÉNTIMOS (167.367,20 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	33.801,13 €
2026	111.578,13 €
2027	21.987,94 €
<b>TOTAL</b>	<b>167.367,20 €</b>

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 30.01.2025.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 21.02.2025.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420/6320015 (PISCINA TEIS) – proxecto de gasto 22342009- por importe de 33.801,13 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 3420/6320015 crédito por importe de 111.578,13 € e 21.987,94 € respectivamente.

**Quinto.-** Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 330,10 % e para a terceira anualidade nun 65,05 %.

**Sexto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(203).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR”. EXPTE. 2111/441.**

Visto o informe xurídico do 11/03/2025 e o informe de fiscalización do 14/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/02/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 19 de outubro de 2021 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de REDACCIÓN DO PROXECTO PARA AS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR' a favor da empresa Pablo Menéndez SLU (B27816826).

2.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR”, redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz.

3.- Previo informe da Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos de data 19.07.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 24.07.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 02.08.2024 aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR”, redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZAOITO EUROS con TRES CÉNTIMOS (1.992.818,03 €) e con sinatura dixital de data 19 de xullo de 2024. Expte. 5361-443.

4.- o expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 02.08.2024 que se corresponde co expediente administrativo 5361-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 02.10.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 03.10.2024.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 06.11.2024.
- E) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 17.01.2025.
- F) Certificado de crédito RC nº 12025000004562.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 13.02.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 21.02.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 21.02.2025.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 24.07.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR”**, redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZAOITO EUROS con TRES CÉNTIMOS (1.992.818,03 €) e con sinatura dixital de data 19 de xullo de 2024.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 21.02.2025.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación 1532.6190008 – proxecto de gasto 25153208 (Humaniz.San Roque, Greg.Espino), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	1.992.818,03 €
------	----------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **21(204).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO “PISTA VERMELLA” DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS. EXPTE. 2235/441.**

Visto o informe xurídico do 12/03/2025 e o informe de fiscalización do 18/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/02/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto básico e de execución para a "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (250.712,30 €), de data marzo de 2024 e con data da sinatura dixital 14 de maio de 2024.

II.- O Adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico e o Xefe da Área de Servizos Xerais en datas 14 e 16 de maio de 2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 16 de maio de 2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 14.08.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 26.08.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.08.2024 aprobou o proxecto básico e de execución para a "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (250.712,30 €), de data marzo de 2024 e con data da sinatura dixital 14 de maio de 2024.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 30.08.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6418-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, de data marzo de 2024.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Deportes e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 03.02.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 04.02.2025.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 05.02.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 06.02.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 06.02.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 07 e 10.02.2025.

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24.02.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24.02.2025.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 14.08.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das **OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO “PISTA VERMELLA” DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO**, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24.02.2025.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS CINCUENTA MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (250.712,30 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 43.512,05 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, na partida orzamentaria 3420.632.0002 (SUBSTITUCIÓN CUBERTA PISTA VERMELLA) – proxecto de gasto 25342002, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	250.712,30 €
------	--------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(205).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE FAIMEVI: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA SITA NO PARQUE CENTRAL DE SANTA CRISTINA E MOBILIARIO DA FUNDACIÓN. EXPTE. 8343/440.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 18/03/2025, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**1.** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 14 de marzo de 2025, con base nas consideracións de feito e de dereito, que figuran na parte expositiva da resolución, acordou aceptar as doazóns ofrecidas a favor desta Administración municipal polo órgano liquidador da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, da instalación fotovoltaica de Santa Cristina, co modo ou carga de que o Concello se faga cargo do custe do arranxo da instalación contratado pola Fundación, cuxo importe, IVA incluído, ascende a 4.267,64 euros, así como a doazón libre de cargas dos mobles e equipos depositados nos baixos do Auditorio Mar de Vigo e nas

dependencias da Área de Fomento, Servizos e Deportes —excepción feita dos equipos que serán doados a Universidade de Vigo sitos nas últimas dependencias citadas— ben para o seu uso pola Administración municipal, ben para a súa distribución entre entidades de interese público ou social, segundo considere máis oportuno o Concello. A dita aceptación quedou suxeita á condición suspensiva de que o Protectorado da Fundación, en liquidación, manifeste a súa conformidade coa doazón ofrecida polo órgano liquidador a favor do Concello de Vigo.

2. A dita condición suspensiva a que se suxeitou a devandita doazón non figura esixida no acordo do Padroado da Fundación que a ofreceu, non obstante, por cautela, a aceptación polo Concello da citada doazón suxetouse a dita condición para o suposto de que o Protectorado da Fundación manifestara a súa oposición á mesma.

3. É é o caso que o pronunciamento do Protectorado da Fundación, para estimar cumprida a condición suspensiva arriba referida, pode non producirse expresamente e que o dito Protectorado, dispoña sen máis a inscrición da extinción da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sen tal pronunciamento expreso. Esta circunstancia pode suscitar dúbidas sobre se a condición suspensiva foi ou non cumprida e, daquela, se os bens doados son ou non propiedade do Concello. Por esta razón e por non resultar esixida tal condición no acordo de doazón do Padroado e ser esta unha mera cautela municipal para subordinar os efectos da doazón á conformidade do Protectorado, se estima conveniente modificar a condición suspensiva imposta á doazón, que suspende os efectos da mesma ata o dito pronunciamento expreso do Protectorado se produza, por unha condición resolutoria, que non suspenda os efectos da doazón, senón que os resolva e extinga, no caso de que a oposición expresa do Protectorado se produza.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a modificación do seu acordo de 14 de marzo de 2025, adoptado no presente expediente, no sentido arriba indicado, de tal xeito, que a parte dispositiva do acordo pase a ter o seguinte texto:

### **ACORDO**

**Primeiro.-** Aceptar, coa condición resolutoria que deseguido se dirá, as doazóns ofrecidas a favor desta Administración municipal polo órgano liquidador da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, da instalación fotovoltaica de Santa Cristina, co modo ou carga de que o Concello se faga cargo do custe do arranxo da instalación contratado pola Fundación, cuxo importe, IVA incluído, ascende a 4.267,64 euros, así como a doazón libre de cargas dos mobles e equipos depositados nos baixos do Auditorio Mar de Vigo e nas dependencias da Área de Fomento, Servizos e Deportes —excepción feita dos equipos que serán doados a Universidade de Vigo sitos nas últimas dependencias citadas— ben para o seu uso pola Administración municipal, ben para a súa distribución entre entidades de interese público ou social, segundo considere máis oportuno o Concello.

**Segundo.-** A dita aceptación queda suxeita á condición resolutoria dos seus efectos, consistente en que o Protectorado da Fundación, en liquidación, manifeste a súa oposición expresa á doazón feita polo órgano liquidador a favor do Concello de Vigo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### **23(206).- APROBACIÓN INICIAL DO “PROXECTO DE REPARCELACIÓN DO POLÍGONO 2 DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA”. EXPTE. 5336/401.**

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 11/03/2025 e a dilixencia de data 19/03/2025, asinada pola secretaria de Goberno local e a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/03/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente, tramitado a iniciativa do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS), e a vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo en data 04.02.2025 ( Doc. Núm. 250025534), documentación toda ela redactada a petición do IGVS pola sociedade “Alfonso Botana, SL”, con CIF B70531595, de data outubro de 2024, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos J.A.B.C (colexiado núm. 2405 do COAG) e a avogada A.M.B.DR., que anula e substitúe a anteriormente presentada, emíttese o seguinte informe xurídico con proposta de acordo para o que resultan relevantes os seguintes,

#### I.ANTECEDENTES E FEITOS

I.I. Con data do 29.07.2020 o Pleno do Excmo.Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente a “2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia”, instrumento urbanístico promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (Exp. Núm. 15666/411); A referida Modificación Puntual, foi publicada no DOG núm. 183 do 09.09.2020, Normativa e Ordenanzas no BOP núm. 212 do 03.11.2020, e inscrita no Rexistro de Planeamento de Galicia con data do 09.10.2020, co núm. RPG00064/2020, polo que ten acadado plena vixencia e executividade.

I.II. Pola súa banda, nesta administración procedeuse a apertura dos expedientes núm. 272/413 e núm. 278/413, trala comunicación remitida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, correspondentes a diversos trámites relativos ao “Proxecto de expropiación por taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisen ocupar para a execución dos polígonos núm.1, 2, e 3 do Plan Parcial de San Paio de Navia”; Obran incorporados aos expedientes de referencia, os seguintes trámites/ actuacións administrativas: Publicación no Taboleiro de Edictos da XMU do proxecto expropiatorio, así como da convocatoria das datas para proceder o levantamento das actas de pagamento e ocupación dos bens e dereitos afectados ao radicar os mesmos neste termo municipal, certificación de fin de exposición pública, así como o acto de sinaturas de ditas actas, que tivo lugar nas dependencias do salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo os días 24, 25, 26, 27,28 de xaneiro de 2022.

I.III. Con data 28.07.2023 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria adoptou, entre outros, os seguintes acordos: Prestar aprobación, con carácter definitivo ao «Proxecto de urbanización do Polígono 2 Fase A do Plan Parcial de San Paio de Navia» (Exp. Núm. 5275/401), así como ao «Proxecto de urbanización do Polígono 2 Fase B do Plan Parcial de San Paio de Navia» (Exp. Núm. 5276/401).

I.IV. Neste estado da tramitación, con datas 11.07.2024, 22.10.2024, 20.12.2024 o equipo redactor insería no rexistro electrónico desta XMU, documentación técnica correspondente ao "Proxecto de Reparcelamento do Polígono 2 de San Paio de Navia", corrixida sucesivamente, en atención aos informes técnicos municipais, incorporados ao expediente electrónico de razón.

I.V. Finalmente, en data 04.02.2025 tivo entrada no rexistro electrónico desta XMU, un oficio asinado polo Director Xeral do IGVS (Doc. Núm. 250025534), polo que remite o "Proxecto de Reparcelamento do Polígono 2 do Plan Parcial de San Paio de Navia," redactado pola sociedade Alonso Botana S.L, para a súa tramitación aos efectos do disposto no Capítulo V do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

I.VI. Elevado o expediente a arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión, en data 20.02.2025 emite informe técnico, cuxo alcance se refire ao análise da derradeira documentación técnica presentada en data 04.02.2025 (Doc. Núm. 250025534), no que conclúe que,- as superficies recollidas na documentación presentada cumpre co establecido no Plan Parcial, indicando que as lixeiras diferencias de superficie, son debidas a escala de traballo máis precisa nesta fase de xestión; que as parcelas de resultado cumpren a parcela mínima establecida no planeamento de detalle, e que no Documento "proforma" se recolle a descrición das parcelas de orixe e de resultado. Comprobándose que están recollidas todas as parcelas tanto de orixe como de resultado,- co seguinte teor literal:

*"(..)Na memoria recóllese que o ámbito ten unha superficie de 106.261,30 m<sup>2</sup>.*

*A suma da superficie das 130 parcelas de orixe é 106.261,60 m<sup>2</sup>*

*A suma da superficie das parcelas de resultado é de 106.260,01 m<sup>2</sup>*

*Existe unha pequena diferenza (1,59 m<sup>2</sup>) entre a superficie de orixe e de resultado que se pode deber ao efecto do redondeo dos decimais.*

*- A superficie total tanto da Fase A coma da Fase B, son lixeiramente inferiores ás superficies que figuran no Plan Parcial. Isto pode deberse á escala de traballo, máis precisa nas fases de execución.*

*- A superficie das parcelas de uso residencial (e outros usos): tanto no caso da Fase A coma na Fase B son lixeiramente inferiores. O total da edificabilidade lucrativa coincide (agás nos decimais). Dada a escala de traballo, pode entenderse que se cumpre o establecido no plan parcial.*

*- Parcelas de equipamento: A superficie total de equipamento da Fase A cumpre co establecido no Plan Parcial. Na fase B tamén cumpre o establecido para a parcela de equipamento*

*- Zonas verdes: No que se refire á superficie das zonas verdes da Fase A, se comparamos cos datos recollidos no Anexo I do PP estaría por debaixo do determinado no plan parcial, pero se collemos as superficies reflectidas no plano parcelario resultante si cumprirían (3.953 m<sup>2</sup>). É dicir, hai diferentes superficies no plan parcial respecto destas parcelas.*

*No caso da Fase B existe unha pequena diferenza, tanto das parcelas que se consideran zonas verdes computables como as non computables, en total as zonas verdes do proxecto, nesta fase B, é de 6.596,12 m<sup>2</sup>, no plan parcial, para esta fase se establece como reserva de zonas verdes unha superficie de 6.600 m<sup>2</sup>.*

*- Viario: hai diferencias tanto no caso da fase A coma da fase B. Con todo, aparentemente, o trazado viario se axusta ao establecido no plan parcial.*

*- Segundo o plan parcial a edificabilidade da Fase A é de 43.846 m<sup>2</sup>, no proxecto achegado nesa fase se adxudican 43.847 m<sup>2</sup>. No caso da Fase B, a edificabilidade sinalada na 2ª Modificación do plan parcial é de 51.059 m<sup>2</sup>, a edificabilidade asignada no proxecto é de 51.047,76 m<sup>2</sup>, polo tanto é*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

*lixeramente inferior á establecida no plan parcial, case igual. A total asignada entre ás dúas fases estaría lixeramente por debaixo do establecido no plan parcial.*

### TÍTULO III. ORDENANZAS:

*Principais parámetros das ordenanzas no que atinxe ás parcelas:*

ORDENANZA	PARCELA MÍNIMA	ANCHO MÍNIMO	USO PREDOMINANTE	EDIFICABILIDADE
9P 1º	300	9	Residencial unifamiliar	Anexo I
9P 2º	180	9	Residencial unifamiliar	Anexo I
9P 3º	125	5 adosad	Residencial unifamiliar	Anexo I
4P	Planos de ordenación	-	Residencial colectivo	Anexo I
6P	Planos de ordenación	-	Residencial colectivo	Anexo I
7P	125 m2	6 m	Residencial colectivo o Unifamiliar	Anexo I
ZV	-	-	Zona Verde	
EQ	-	-	Equipamento	1 m <sup>2</sup> /m <sup>21</sup>
VIARIO	-	-	Viario	

*As parcelas de resultado cumpren a parcela mínima establecida no planeamento de detalle.*

*Documento "proforma": Neste documento se recolle a descrición das parcelas de orixe e de resultado. Comprobase que están recollidas todas as parcelas tanto de orixe como de resultado.(..)".*

## II.FUNDAMENTOS DE DEREITO /VALORACIÓN XURÍDICA

### II.I. Normativa básica aplicable

TRLS/2015 (RD Lex7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A .D. Pleno 20.10.2000, BOPPO do 06.11.2000),

PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,

2ª MP do PP San Paio de Navia, publicada no DOG núm. 183 do 09.09.2020, Normativa e Ordenanzas no BOP núm. 212 do 03.11.2020, e inscrita no Rexistro de Planeamento de Galicia con data do 09.10.2020,

O resto de disposicións que poidan afectar,

## II.II. Ámbito, obxecto e resultado do proxectado

O presente expediente, tal e como se detallou no expositivo, trae causa da 2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia; A Modificación puntual delimitou tres polígonos para o desenvolvemento da actuación, con dúas fases para cada un deles.

No que aquí nos ocupa, respecto do polígono 2, a Fase A abrangue unha superficie de 44.538 m<sup>2</sup>, e a Fase B abrangue unha superficie de 61.823 m<sup>2</sup>, acadando unha superficie total de 106.361 m<sup>2</sup>, dita separación en fases do polígono 2 ven determinada pola descontinuidade do ámbito e se corresponde cos terreos de transición entre o polígono de Navia xa executado e o tecido residencial de Navia, cara o Este, e a trama urbana de Coia cara o Este.

Preténdese con esta actuación dar resposta á urxente necesidade de solo residencial da área urbana de Vigo.

## II.III. Determinacións de xestión

### a) Zonas de ordenanza residencial

Consonte aos planos de ordenación do Plan Parcial na súa modificación núm.2, dentro do polígono 2 defínense tres zonas de ordenanza residencial nas que se distribúen un total de 133 parcelas:

- Ordenanza 9P, que se corresponde con 16.679 m<sup>2</sup> de ámbitos destinados a vivenda unifamiliar, correspondentes con 6.709 m<sup>2</sup> distribuídos en 30 parcelas na etapa A (V), e con 9.970 m<sup>2</sup> distribuídos en 48 parcelas na etapa B (III-B).
- Ordenanza 4P, que se corresponde con 9.647 m<sup>2</sup> de ámbitos destinados a vivenda multifamiliar correspondentes con 2.733 m<sup>2</sup> distribuídos en 2 parcelas na etapa A (V), e con 6914 m<sup>2</sup> distribuídos en 6 parcelas na etapa B (III-B).
- Ordenanza 6P, que se corresponde con 3.000 m<sup>2</sup> dun ámbito destinado a vivenda multifamiliar en bloque aberto nunha única parcela da etapa A (V).
- Ordenanza 7P, que se corresponde con 9.130 m<sup>2</sup> de ámbitos destinados a edificación residencial colectiva ou unifamiliar correspondentes con 1.571 m<sup>2</sup> distribuídos en 8 parcelas na etapa A (V), e con 7.559 m<sup>2</sup> distribuídos en 38 parcelas na etapa B (III-B).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### b) Reservas de solo para dotacións públicas

O Plan Parcial dentro do Polígono 2 establece as seguintes reservas de dotacións públicas:

Reserva de solo para espazos libres / zonas verdes públicas computables: 3.971 m<sup>2</sup> (Fase A) e 4.948 m<sup>2</sup> (Fase B), facendo un total de 8.919 m<sup>2</sup>.

Reserva de solo para espazos libres / zonas verdes públicas non computables: 1.651 m<sup>2</sup> (Fase B).

Reserva de solo para equipamentos públicos: 9.408 m<sup>2</sup> (Fase A) e 12.576 m<sup>2</sup> (Fase B), facendo un total de 21.984 m<sup>2</sup>.

Víario: 17.147 m<sup>2</sup> (Fase A) e 18.188 m<sup>2</sup> (Fase B), facendo un total de 35.335 m<sup>2</sup>.

As parcelas resultantes contidas neste proxecto comprenden tanto as parcelas correspondentes ás cesións obrigatorias e gratuítas ao concello de Vigo (viais, zonas verdes, espazos libres e equipamentos), e a configuración das parcelas na que se materializará o aproveitamento lucrativo de usos residencial.

No que respecta a configuración das parcelas de resultado na que se materializará o aproveitamento lucrativo de uso residencial, estas descríbense polo miúdo na Memoria xustificativa do proxecto, a cuxo contido nos remitimos, por mor das necesarias concisión e brevidade.

Pola súa banda, e no que atinxe as parcelas de resultado de cesión obrigatoria e gratuítas ao Concello de Vigo, son as que seguen:

NÚMERO DE PARCELA /USO	SUPERFICIE ( M <sup>2</sup> )	ADXUDICATARIO
42 EQUIPAMENTO PÚBLICO	2.058,8	Concello de Vigo
43 EQUIPAMENTO PÚBLICO	7.619,2	Concello de Vigo
44 ZONA VERDE PÚBLICA 9	48,9	Concello de Vigo
45 ZONA VERDE PÚBLICA	1.932,6	Concello de Vigo
46 ZONA VERDE PÚBLICA	1.072,6	Concello de Vigo
47 VIARIO PÚBLICO	16.854,6	Concello de Vigo
140 EQUIPAMENTO PÚBLICO	12.579,1	Concello de Vigo
141 ZONA VERDE PÚBLICA	1.076,0	Concello de Vigo
142 ZONA VERDE PÚBLICA	702,4	Concello de Vigo
143 ZONA VERDE PÚBLICA	541,5	Concello de Vigo
144 ZONA VERDE PÚBLICA	405,6	Concello de Vigo
145 ZONA VERDE PÚBLICA	969,5	Concello de Vigo
146 ZONA VERDE PÚBLICA	1.220,7	Concello de Vigo
147 ZONA VERDE PÚBLICA	1.143,7	Concello de Vigo
148 ZONA VERDE PÚBLICA	536,7	Concello de Vigo
149 VIARIO PÚBLICO	18.147,4	Concello de Vigo

Respecto a documentación presentada que acredita a titularidade do IGVS, compre indicar pola técnica xurídica que formula a presente proposta de acordo, e que valida co seu conforme a arquitecta xefa do departamento de Desenvolvemento urbanístico, o que segue:

Tal e como se ten indicado no relato de feitos, a xestión dos polígonos 1, 2 e 3 da 2ª MP do Plan Parcial de San Paio de Navia, levouse a cabo polo sistema de expropiación, de conformidade co establecido no dito instrumento de planeamento; Dita modificación determinou como sistema de xestión o de expropiación forzosa e agrupou as etapas pendentes de desenvolvemento en tres polígonos (polígono 1, polígono 2 e polígono 3) que se prevén executar por esa orde. Ditos polígonos, subdivídense á súa vez en fases, resultando dentro do polígono 1 obxecto do presente proxecto, as fases A e B.

O IGVS redactou os proxectos de expropiación forzosa de cada un dos polígonos correspondentes a dita modificación puntual segunda, polo que o expediente expropiatorio do polígono número un (1) foi aprobado definitivamente por Resolución do director Xeral do IGVS do 26 de novembro de 2021, e publicado no DOG núm. 239 do mércores, 15 de decembro de 2021, e no BOE num. 302 do sábado 18 de decembro de 2021, sendo notificada esta resolución aos interesados, á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda en Pontevedra e ao Ministerio Fiscal tal como esixe a normativa vixente.

A tales efectos con datas 24,25,26,27, 28 de xaneiro de 2022, asináronse as correspondentes actas de pagamento e ocupación, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos.

Consta acreditada no presente expediente, a propiedade do IGVS mediante os diferentes títulos aportados polo promotor do presente proxecto, válidos en dereito e cuxas certificacións rexistrais se achegan no Anexo II.

De ditos títulos, e das inscricións no Rexistro da Propiedade no seu caso, extráese que todas elas figuran como libres de cargas, salvo polo dereito de reversión co que se gravaron as fincas adquiridas por título de expropiación; Pola súa banda, non existen dereitos de realoxamento ou retorno que teñan que facerse efectivos.

En conclusión o procedemento de expropiación como sistema de xestión, levouse a cabo respectando o previsto na lexislación vixente e no planeamento do que trae causa (2ªMP PP NAVIA, EXP.15666/411).

Sentado o anterior, a finalidade única do presente proxecto, non é outra que a agrupación das parcelas de orixe, propiedade do IGVS e do Concello de Vigo (vais existentes no ámbito, parcela de equipamento e parcelas de zonas verdes) e subsecuentemente proceder a súa división conforme ao planeamento vixente, isto é a 2ª MP do Plan Parcial de San Paio de Navia, axustándose a proposta ao xa previsto na dita MP, cumprindo as determinacións contidas nas ordenanzas do dito instrumento de planeamento, culminando así no nel previsto, e proceder a súa ulterior inscrición no Rexistro da propiedade, revestindo de viabilidade xurídica a tramitación operada.

#### II.IV. Formulación e tramitación

Respecto ao contido do proxecto de reparcelación estarase ao disposto no Capítulo V do Título IV da LSG, que deberá incluír a seguinte documentación: Memoria xustificativa: descrición das parcelas orixinais, descrición das parcelas resultantes, gastos da actuación e liquidación provisional, e cadro de reparcelación; Planos: plano de situación, plano topográfico, plano parcelas orixinais, plano parcelas resultantes, plano superposición parcelas orixinais e resultantes, plano ordenación xeral, plano



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

localización das cesións municipais; Fichas parcelas resultantes: Ficha parcela 1, ficha parcela 2, ficha parcela municipal.

No que atinxe ao procedemento de aprobación, o órgano municipal competente aprobará inicialmente o proxecto e o someterá a información pública polo prazo dun (1) mes, mediante anuncios que se publicarán no Boletín Oficial da provincia, e nun dos diarios de maior circulación da provincia, con notificación individualizada aos propietarios do ámbito, concluído o trámite de información pública, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

Con carácter posterior á aprobación definitiva do proxecto, a entidade promotora inscribirá no Rexistro da propiedade a nova configuración física das parcelas. A tal efecto deberá remitirse ao Rexistro da propiedade unha certificación administrativa expedida polo Concello na que se inclúa o acordo de aprobación definitiva e se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecta o acordo.

Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

### II.V. Efectos xurídicos do proxecto de reparcelación

A aprobación definitiva do proxecto de reparcelación producirá os seguintes efectos en atención o indicado no artigo 274 do RLSG:

Transmisión ao municipio, en pleno dominio e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obrigatoria para a súa incorporación ao patrimonio público do solo ou a súa afectación aos usos previstos no planeamento.

Subrogación, con plena eficacia real, das antigas polas novas parcelas correspondentes.

Afectación real das parcelas adxudicadas ao cumprimento das cargas e pagamento dos custos inherentes ao sistema de actuación correspondente (artigo 107.1 da LSG).

2. Cando se opere a subrogación real, as titularidades existentes sobre as antigas parcelas quedarán referidas, sen solución de continuidade, ás correlativas parcelas resultantes adxudicadas, no seu mesmo estado e condicións, sen prexuízo da extinción dos dereitos e cargas que resulten incompatibles co planeamento. Cando non haxa unha exacta correspondencia entre as parcelas adxudicadas e as antigas, o acordo constituirá un título de adquisición orixinaria a favor dos adxudicatarios e estes recibirán a plena propiedade daquelas, libre de toda carga que non derive do propio acordo.

### II.VI. Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010.

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo acordo do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte

“ACORDO:

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter inicial ao documento nomeado “Proxecto de reparcelación do Polígono 2 de San Paio de Navia” promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo,

conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 04.02.2025 (Doc. Núm. 250025534), documentación toda ela redactada a petición do IGVS pola sociedade “Alfonso Botana, SL”, con CIF B70531595, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos J.A.B.C (colexiado núm. 2405 do COAG) e a avogada A.M.B.DR, con data outubro de 2024.

SEGUNDO.: Someter o presente expediente, inicialmente aprobado, con toda a documentación que o integra, a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na provincia, no páxina web municipal no enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#), no apartado planeamento de desenvolvemento e xestión, e na sede electrónica municipal, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no BOPPO- , a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes.

TERCEIRO.: Proceder á notificación do presente acordo, á todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto.

Non obstante, o presente informe non é vinculante, e o órgano competente resolverá, co seu superior criterio o que estime máis conveniente.(...)”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(207).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS: LOTES 2,3,4 E 5. EXPTE. 87871/250.**

Visto o informe xurídico do 03/03/2025 e o informe de fiscalización do 11/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/02/2025, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o responsable do contrato e enxeñeiro de camiños, canais e portos, a técnica de xestión, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 24 de febreiro de 2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou:

*“Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250) coas seguintes condicións:*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

- O importe máximo do lote 1 “Subministro de formigóns e morteiros” é de 400.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.421,49 euros.
- Propón unha baixa proporcional única do 13,52% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo I do PPT para o lote 1.
- Propón unha baixa proporcional única do 18,52% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo I do PPT para o lote 1, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.
- O importe máximo do lote 2 “Subministro de áridos” é de 100.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.355,37 euros.
- Propón unha baixa proporcional única do 21,76% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo II do PPT para o lote 2.
- Propón unha baixa proporcional única do 26,76% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo II do PPT para o lote 2, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.

Adxudicar a GARCI VENTA, S.L. os lotes 3 e 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250) coas seguintes condicións:

- O importe máximo do lote 3 “Subministro de materiais de construción” é de 450.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.099,17 euros.
- Propón unha baixa proporcional única do 21% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo III do PPT para o lote 3.
- Propón unha baixa proporcional única do 21% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo III do PPT para o lote 3, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.
- O importe máximo do lote 4 “Subministro de materiais de ferretería” é de 160.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.768,60 euros.
- Propón unha baixa proporcional única do 26% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo IV do PPT para o lote 4.
- Propón unha baixa proporcional única do 26% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo IV do PPT para o lote 4, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.

Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) o lote 5 “Subministro de formigón bituminosos” do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250) por un importe máximo de 60.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.413,22 euros, cunha baixa proporcional única do 15,41% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo V do PPT para o lote 5 e cunha baixa proporcional única do 20,41% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo V do PPT para o lote 5, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**Segundo.-** Os devanditos contratos formalizáronse en documento administrativo nas seguintes datas:

- Lote 1 e Lote 2: en data 25.03.2022
- Lote 3 e Lote 4: en data 23.03.2022
- Lote 5: en data en data 21.03.2022

Na súa Cláusula Cuarta figura o prazo de cada contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Están contempladas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión de data 16 de marzo de 2023 acordou resolver o lote 1 do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (Expediente 87871-250) adxudicado pola Xunta de Goberno local a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L., na sesión do 22 de febreiro de 2022, por mutuo acordo entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16 de febreiro de 2024, na súa calidade de órgano de contratación, acordou:

*Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 2 “subministro de áridos” do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) polo período comprendido dende o 26/03/2024 ata o 25/03/2025.*

*Autorizar o gasto estimado do lote 2 “subministro de áridos” do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, en favor da entidade TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) por importe de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.677,69 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:*

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 26/03/2024 ata o 31/12/2024	1532.210.00.00	38.493,18 €
Do 01/01/2025 ata o 25/03/2025	1532.210.00.00	11.506,82 €
	TOTAL	50.000,00 €

*Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 3 “subministro de materiais de construción” do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

GARCI VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2024 ata o 23/03/2025.

Autorizar o gasto estimado do lote 3 “subministro de materiais de construción” do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, en favor da entidade GARCI VENTA, S.L. (B36797470) por importe de DOUSCENTOS VINTECINCO MIL EUROS (225.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.049,59 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 24/03/2024 ata o 31/12/2024	1532.210.00.00	174.452,08 €
Do 01/01/2025 ata o 23/03/2025	1532.210.00.00	50.547,92 €
	TOTAL	225.000,00 €

Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 4 “subministro de materiais de ferretería” do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil GARCI VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2024 ata o 23/03/2025.

Autorizar o gasto estimado do lote 4 “subministro de materiais de ferretería” do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, en favor da entidade GARCI VENTA, S.L. (B36797470) por importe de OITENTA MIL EUROS (80.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.884,30 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 24/03/2024 ata o 31/12/2024	1532.210.00.00	62.027,40 €
Do 01/01/2025 ata o 23/03/2025	1532.210.00.00	17.972,60 €
	TOTAL	80.000,00 €

Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 5 “subministro de formigón bituminosos” do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) polo período comprendido dende o 21/03/2024 ata o 20/03/2025.

Autorizar o gasto estimado do lote 5 “subministro de formigóns bituminosos” do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e

formigóns bituminosos, expediente 87871/250, en favor da entidade CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) por importe de 30.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,61 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 22/03/2024 ata o 31/12/2024	1532.210.00.00	23.424,64 €
Do 01/01/2025 ata o 21/03/2025	1532.210.00.00	6.575,36 €
	TOTAL	30.000,00 €

(...)”

**Quinto.-** En data 10/12/2024 notificase aos contratistas TRANSPORTES PABLO VAL S.L., GARCIA VENTA S.L. e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) os preavisos da prórroga do contrato de “Subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos -Lote 2, 3, 4 e 5” polo período dun ano, a partir da finalización do mesmo, a tenor do disposto no artigo 29.2 da LCSP.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polos técnicos que subscriben a proposición da 2ª prórroga do contrato de “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS”, LOTES 2, 3, 4 e 5, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** Os períodos e importes da prórroga do contrato comprenderán os seguintes:

LOTE	PERÍODO	IMPORTE	IVE
LOTE 2	Do 26/03/2025 ata o 25/03/2026	50.000,00 €	8.677,69 €
LOTE 3	Do 24/03/2025 ata o 23/03/2026	225.000,00 €	39.049,59 €
LOTE 4	Do 24/03/2025 ata o 23/03/2026	80.000,00 €	13.884,30 €
LOTE 5	Do 22/03/2025 ata o 21/03/2026	30.000,00 €	5.206,61 €

**Sexto.-** Os importes da prórroga imputaranse á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual e por lotes:

LOTE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
LOTE 2	Do 26/03/2025 ata o 31/12/2025	1532.210.00.00	38.493,18 €
LOTE 2	Do 01/01/2026 ata o 25/03/2026	1532.210.00.00	11.506,82 €
		<b>TOTAL</b>	<b>50.000,00 €</b>

LOTE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
------	---------	-------------------------	---------

LOTE 3	Do 24/03/2025 ata o 31/12/2025	1532.210.00.00	174.452,08 €
LOTE 3	Do 01/01/2026 ata o 23/03/2026	1532.210.00.00	50.547,92 €
		<b>TOTAL</b>	<b>225.000,00 €</b>

LOTE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
LOTE 4	Do 24/03/2025 ata o 31/12/2025	1532.210.00.00	62.027,40 €
LOTE 4	Do 01/01/2026 ata o 23/03/2026	1532.210.00.00	17.972,60 €
		<b>TOTAL</b>	<b>80.000,00 €</b>

LOTE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
LOTE 5	Do 22/03/2025 ata o 31/12/2025	1532.210.00.00	23.424,64 €
LOTE 5	Do 01/01/2026 ata o 21/03/2026	1532.210.00.00	6.575,36 €
		<b>TOTAL</b>	<b>30.000,00 €</b>

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a 2ª prórroga, dun ano de duración, do contrato de “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS”, LOTE 2, (Expte. 87871/250), formalizado coa entidade mercantil TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) polo período comprendido dende o 26/03/2025 ata o 25/03/2026.

Autorizar o gasto estimado do lote 2 “subministro de áridos” do contrato de “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS” (Expte. 87871/250), en favor da entidade TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) por importe de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.677,69 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

LOTE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
LOTE 2	Do 26/03/2025 ata o 31/12/2025	1532.210.00.00	38.493,18 €
LOTE 2	Do 01/01/2026 ata o 25/03/2026	1532.210.00.00	11.506,82 €
		<b>TOTAL</b>	<b>50.000,00 €</b>

Notificar á empresa adxudicataria TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Segundo.-** Aprobar a 2ª prorroga, dun ano de duración, do contrato de “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS”, LOTE 3, (Expte. 87871/250), formalizado coa entidade mercantil GARCÍ VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2025 ata o 23/03/2026.

Autorizar o gasto estimado do lote 3 “subministro de materiais de construción” do contrato de “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS” (Expte. 87871/250), en favor da entidade GARCÍ VENTA, S.L. (B36797470) por importe de DOUSCENTOS VINTE E CINCO MIL EUROS (225.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.049,59 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

LOTE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
LOTE 3	Do 24/03/2025 ata o 31/12/2025	1532.210.00.00	174.452,08 €
LOTE 3	Do 01/01/2026 ata o 23/03/2026	1532.210.00.00	50.547,92 €

		<b>TOTAL</b>	<b>225.000,00 €</b>
--	--	--------------	---------------------

Notificar á empresa adjudicataria GARCI VENTA, S.L. (B36797470) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Terceiro.-** Aprobar a 2ª prórroga, dun ano de duración, do contrato de “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS”, LOTE 4 , (Expte. 87871/250), formalizado coa entidade mercantil GARCI VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2025 ata o 23/03/2026.

Autorizar o gasto estimado do lote 4 “subministro de materiais de ferretería” do contrato de s“SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS” Expte. 87871/250), en favor da entidade GARCI VENTA, S.L. (B36797470) por importe de OITENTA MIL EUROS (80.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.884,30 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

<b>LOTE</b>	<b>PERÍODO</b>	<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>IMPORTE</b>
LOTE 4	Do 24/03/2025 ata o 31/12/2025	1532.210.00.00	62.027,40 €
LOTE 4	Do 01/01/2026 ata o 23/03/2026	1532.210.00.00	17.972,60 €
		<b>TOTAL</b>	<b>80.000,00 €</b>

Notificar á empresa adjudicataria GARCI VENTA, S.L. (B36797470) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Aprobar a 2ª prórroga, dun ano de duración, do contrato de “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS”, LOTE 5, (Expte. 87871/250), formalizado coa entidade mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) polo período comprendido dende o 21/03/2025 ata o 20/03/2026.

Autorizar o gasto estimado do lote 5 “subministro de formigóns bituminosos” do contrato de “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS” (Expte. 87871/250), en favor da entidade CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) por importe de 30.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,61 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

LOTE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
LOTE 5	Do 22/03/2025 ata o 31/12/2025	1532.210.00.00	23.424,64 €
LOTE 5	Do 01/01/2026 ata o 21/03/2026	1532.210.00.00	6.575,36 €
		<b>TOTAL</b>	<b>30.000,00 €</b>

Notificar á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu

caso calquera outro que estimen procedente. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Quinto.-** Remitir ao Consello de Contas as prórrogas do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación do contrato de patrocinio publicitario da “XXVI Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2025” organizada por Faro de Vigo, SAU. Expte. 20530/101.
- .- Adxudicación da contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas". Expte. 16308/331
- .- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo para a organización da Festa da Reconquista 2025. Expte. 10821/106.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### **25(208).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO DA “XXVI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025” ORGANIZADA POR FARO DE VIGO, SAU. Expte. 20530/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 19/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de 18/03/2025, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e a técnica de Administración xeral (Delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de 27/06/2023), que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da “XXVI Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2025” organizada por FARO DE VIGO, SAU (PCAP)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “XXVI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025”.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e polo Xefa do servizo de Deportes - Director Deportivo con data 10 de marzo de 2025 redactado*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área do Servizo de Contratación e Novos Proxectos, con 11 de marzo de 2025.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de negociación de 75.000,00 € co ivo engadido, sendo o importe do ivo de 13.016,53 €. O gasto imputarase á*

*aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

*Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP."*

**Segundo.-** O día 14 de marzo de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, SAU, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data do 14 de marzo de 2025 FARO DE VIGO, SAU, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 17 de marzo de 2025, reuníronse a xefa da unidade administrativa de Alcaldía, responsable do contrato, coa técnica de Administración xeral do Servizo de Contratación (por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023), para a apertura e cualificación da proposición.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 13 do PCAP, e acordándose admitir a FARO DE VIGO, SAU no procedemento.

A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA".

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP, non procede a negociación "dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma", nin outorgarlle puntuación. Así mesmo, segundo a cláusula 16 do PCAP, "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*".

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, constando no expediente o correspondente certificado positivo, así como, consta no expediente, tamén, o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os certificados positivos de débedas coa axencia tributaria estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, poderá formularse proposta de





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Ao constar toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro e único lugar, FARO DE VIGO, SAU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 18 de marzo de 2025 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da “XXVI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025” (20530-101) por un prezo total de 75.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.016,53 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **26(209).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS". EXPTE. 16308/331**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 20/03/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación.

c) Procedemento aberto dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (16308-331)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (16308-331)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 17 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º.- Aprobar a contratación, por procedemento aberto e harmonizado, dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas"*

*2º.- Aprobar o Prego de prescripcíons técnicas que rexerá a citada contratación, de data 13 de decembro de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.*

*3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 16 de decembro de 2024, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.*

*4º.- Autorizar o gasto por importe total de 715.672.84 € (591.465,16 € sen IVE, máis 124.207,68 € correspondentes de IVE). con cargo á aplicación presupostaria 33321.227.99.10 "Funcionamento Biblioteca Martínez Garrido" e as seguintes anualidades:*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

2025 (3 abril-31 decembro)	2026	2027 (1 xaneiro-2 abril)
266.389,32 €	357.836,42 €	91.447,10 €

5º.- *Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 13 de marzo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 6 de marzo de 2025, de ATLANTIC PONTE 2000, SLU por non ter acadado o limiar mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (16308-331) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Puntuación total
1	LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, SL	82,74
2	NORMADAT, SA	78,50

**Terceiro.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, SL para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS SL, o día 13 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida o 14 de marzo de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a clasificación da mercantil e a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo M - Subgrupo 5 - Categoría 4) presentan a clasificación Grupo M - Subgrupo 5 - Categoría 5.
- Solicitud de retención no prezo do importe da garantía (28.537,19 €)

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 20 de marzo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS SL, de acordo cos informes de valoración das



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 27 de febreiro e 7 de marzo de 2025, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión do 6 de marzo de 2025, de ATLANTIC PONTE 2000, SLU por non ter acadado o limiar mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Segundo.- Adxudicar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS SL o procedemento aberto dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (16308-331) por un prezo total do contrato de 690.600,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 119.856,20 euros e coas seguintes condicións:*

- a) Incrementa o importe mínimo anual fixado para actividades de dinamización e extensión cultural e bibliotecaria (33.000 €) en 5.000 euros.*
- b) Incrementa o importe mínimo anual fixado para a adquisición de fondos bibliográficos, audiovisuais e subscricións (27.000 €) en 5.000 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(210).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA 2025. Expte. 10821/106.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 19/03/2025 e o informe de fiscalización do 21/03/2025, sométese a aprobación o informe proposta do 19/03/2025, asinado polo enxeñeiro en xeométrica e topografía municipal (instrución da Área de Servizos Xerais 01/2025), o xefe da Área de Servizos Xerais (Resolución de 09/10/2024) e conformado polo

concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.(LSG).

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións (RLXS).

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno (LTAIB)

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRBRL).

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

#### **INFORME.**

O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu en data 3 de febreiro de 2025 que se iniciase o expediente necesario para a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, para a organización da Festa da Reconquista 2025, que terá lugar no barrio histórico de Vigo entre os días 22 e 30 de marzo de 2025.

Desde o ano 1994, a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co nº 49, vén colaborando co Concello de Vigo na organización e produción deste evento, acadando unha importante labor de recuperación e revitalización dunha festividade declarada de interese polo consello da Xunta de Galicia o 26 de marzo de 2012. A entidade é propietaria da marca “Festa da Reconquista”, conforme o Título de Rexistro da marca que consta no expediente.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo vén organizando a Festa da Reconquista, con grande éxito organizativo e aceptación da cidadanía, contribuíndo á mesma cun plan de difusión e da marca Vigo superior ao 10% do financiamento con diversas accións promocionais de impacto e repercusión en prensa e medios de comunicación nas redes sociais como fóra dela (on line e off line), así como en medios de radio e televisión de difusión nacional.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo está en condicións de organizar a presente edición da Festa da Reconquista, conforme ao programa e presuposto de ingresos e gastos, recollidos no presente expediente.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

O Servizo de Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos a programación de festas e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais e de tradición popular, con especial consideración as súas características etnolóxicas e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985, corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta estableceza e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos reguladas por lei.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención nominativa prevista no orzamento do concello de Vigo para o exercicio 2025 na partida 3380.4800001.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, toda vez que a organización desta festividade nas edicións anteriores vén estando a cargo da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, que ostenta os dereitos de representación da marca en exclusiva.

O convenio é un dos instrumentos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este subvención nominativa prevé unha dotación de 135.000 euros (cento trinta e cinco mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4800001 “ CONVENIO RECONQUISTA AAVV CASCO VELLO” do programa orzamentario para o vixente exercicio, a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social exposto nas

obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade.

Ademais, a subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, con un importe de 135.000,00 €, contribuíndo, conforme ao establecido na liña orientada ao fomento de actividades sociais, de actividades de alta participación de persoas, eventos de interese municipal e actividades de interese público realizadas a través de asociacións, en aras á promoción e difusión das festas da cidade, da cultura popular, e o desenvolvemento lúdico como recurso turístico con actividades de especial importancia e singularidade na salvagarda de elementos culturais e identificativos da promoción da cidade, e repercusión en medios polo seu impacto no municipio.

Pola súa banda, a entidade encárgase da organización xeral do evento e asume todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total 213.500,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello ascenden a 135.000,00 euros, o que supón que a achega municipal constitúa un 63,23 % do total. Desta forma, a entidade asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles o seguro que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros, así como a elaboración dun Plan de Autoprotección para o evento.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais para asinar o citado convenio, ao amparo dos decretos de delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 19/06/2023, 28/06/2023 e 3/07/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local 22/06/2023 Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### **PROPOSTA:**

1º.- Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello de Vigo, con CIF B-36.645.885, para a organización da Festa da Reconquista 2025 que terá lugar entre os días 22 e 30 de marzo de 2025 e e aprobar o texto do convenio que a regula.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto de 135.000,00 € (cento trinta e cinco mil euros) que se realizará con cargo á aplicación presupostaria 3380.4800001 - CONVENIO RECONQUISTA AAVV CASCO VELLO do programa de Festas para o vixente exercicio a favor da entidade Asociación veciñal e cultural Casco Vello de Vigo, con CIF B-36.645.885.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA 2025**

Na Casa do Concello de Vigo, a XX de marzo de 2025

### **REUNIDOS**

Dunha parte, **Ángel Rivas González**, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, na representación legal deste, en virtude dos decretos de delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de data 20/06/2023, e posterior corrección de data 28/06/2024 (BOPPO nº 133, de data 09/07/2024) e acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria e urxente de data 28/06/2024 (BOPPO nº 134, de data 10/07/2024), en adiante o Concello.

Doutra, **José Fumega L'Hotellerie de Fallois** como presidente e en representación da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, CIF G36645885, e enderezo social na rúa Oliva nº 20 Vigo, representación que se desprende da documentación que figura no expediente núm. 10821/106, en adiante a Asociación.

E, actuando dona a secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

#### **PRIMEIRO.-**

Que é o obxectivo deste Concello é prestar axuda á Asociación para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e en consecuencia:

\* Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, coa consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.

- \* Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal.
- \* Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.
- \* Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.
- \* A promoción da revitalización da cidade e en particular do Barrio Histórico da cidade, e polo tanto impulsar actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

## **SEGUNDO.-**

Na celebración do día 28 de marzo, na efemérides da Reconquista -declarada festa local polo Pleno de data 22 de marzo de 1935, réndese homenaxe aos heroes da Reconquista da Vila de Vigo en enfrontamento bélico coas tropas de ocupación francesas do ano 1809, desenvolvendo a tal fin unha serie de actos institucionais tales como o pregón conmemorativo, entrega das medallas de Vigueses Distinguidos da cidade, ofrenda floral do monumento da Praza da Independencia, así como a organización e apoio a diferentes actividades de carácter lúdico e festivo cunha notable participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario sociocultural municipal.

A Festa da Reconquista da Vila de Vigo foi declarada de interese turístico de Galicia polo Consello da Xunta de Galicia en resolución do 26 de marzo de 2012 e Festa de Interese Turístico Nacional por resolución de 11 de xullo de 2019, da Secretaría de Estado de Turismo.

## **TERCEIRO.-**

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, CIF G-36.645.885, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co núm. 49, en colaboración co Concello de Vigo, vén organizando desde o ano 1994 a Festa da Reconquista, no centro da cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre a cidadanía e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao presuposto de ingresos e gastos aportado pola Asociación.

## **CUARTO.-**

A marca “R1809 Festa da Reconquista” atópase rexistrada na “Oficina española de Patentes y Marcas” a nome da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo dende o 11/11/2013.

## **QUINTO.-**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola entidade.

### **SEXTO.-**

O Concello no seu vixente orzamento, na partida **3380. 4800001 “CONVENIO RECONQUISTA AAVV CASCO VELLO”** prevé a concesión dunha subvención por importe de **135.000 (cento trinta e cinco mil euros)**, para a organización da Festa da Reconquista. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha festa de grande arraigo na cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

O custo económico adicional que soporten os distintos servizos municipais, non cuantificados na execución deste evento (auga, limpeza, subministro eléctrico, P. Civil, P. Local, etc), son gastos que están cubertos nos contratos vixentes con cargo aos respectivos créditos do presuposto xeral do Concello, así como a non suxeición á taxas da ocupación demanial pola súa consideración de especial interese ou utilidade municipal conforme ao establecido na ordenanza fiscal nº 30 deste Concello.

### **SÉTIMO-**

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización da citada festa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### **OITAVO.-**

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

### **NOVENO.-**

Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previstos nos artigos 22.2 a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de

desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro.

#### **DÉCIMO.-**

O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

#### **DÉCIMO PRIMEIRO-**

A Asociación non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 10.821/106.

Atendendo a precedentes consideracións, as partes asinantes manifestan a súa decidida intención de unir esforzos e recursos a favor da **organización da Festa da Reconquista 2025 a celebrar entre os días 22 e 30 de marzo de 2025**, comprometéndose a tal fin, pola súa coincidencia de obxectivos, a traballar conxuntamente na organización a coordinándose entre si para a posta en práctica das accións que se consideren necesarias, e en consecuencia.

### **ACORDAN**

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre as entidades asinantes en orde á organización conxunta da FESTA DA RECONQUISTA 2025, a celebrar entre os días **22 e 30 de marzo de 2025 na contorna do Barrio Histórico**, e que persegue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo.
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica.
- Dinamizar cultural e socioeconómica do Barrio Histórico da cidade.

#### **SEGUNDO - PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos e ingresos do programa obxecto do convenio polo importe total de **213.500 €**, financiándose estes mediante as achegas de **135.000 € do Concello de Vigo** (63,23%), 25.000 € do convenio coa Xunta de Galicia (11,71 %), 4.000 € dunha empresa patrocinadora (1,87 %), 6.000 € da Deputación de Pontevedra (2,81), 42.000 € da xestión do mercado (19,67%) e 1.500 € de doazóns particulares (0,7%).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

### **TERCEIRO.- PROXECTO DA FESTA DA RECONQUISTA DA VILA DE VIGO**

Establécese o programa de actuacións conforme ao proxecto presentado pola Asociación asinante, núm. doc. 250043458, de data 26 de febreiro de 2025, que contempla a celebración de distintas actuacións lúdicas e culturais, acompañadas da instalación de diferentes postos de produtos gastronómicos e artesáns coincidentes coa finalidade do evento.

### **CUARTO.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A Asociación asinante comprométese a colaborar co Concello en canto a organización da Festa da Reconquista 2025, que terá lugar no Barrio Histórico da cidade entre os días 22 e 30 de marzo de 2025, conforme ao programa que se achega ao expediente, e concretamente a:

1º.- Asumir toda responsabilidade concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo da dirección do presidente, José Fumega L'Hotellerie de Fallois, con número de teléfono 607 406 600, que actuará como interlocutor final ante á Concellería.

A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...), especialmente cumprir os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares ao Concello; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo de Comercio e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa.

7º.- Coordinar co servizo de Comercio e Festas Especiais do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

8º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

9º.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a **contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil**, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a Asociación entrega ao Concello copia da póliza, que se achega ao expediente.

O importe da póliza cumprirá o establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

10º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo. Dito Plan realizarase ao ao amparo do previsto no Decreto 171/2010 e RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección que esixe o Plan de Autoprotección cando o evento popular supere o aforo de 20.000 persoas, deberá realizarse a inscrición no REGAPE e realizar a coordinación de seguridade nos eventos programados.

11º.- Todo o material inventariable elaborado con cargo ao presuposto do convenio para a representación da **Reconquista 2025** (traxes, Porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado, en perfecto estado de conservación e limpeza, nun lugar a determinar pola Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.

12º.-En relación aos postos do mercado tradicional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicas sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontables e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, e previo ao inicio da actividade, a respectivas declaracións responsables asinada polos titulares dos postos conforme cumpren coas condicións de venda ambulante e hixiénico sanitarias.

A tal fin, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto respectarán as normas sobre hixiene, seguridade e demais disposicións impostas pola lexislación vixente. Igualmente, asegurase de que os postos que expendan bebidas alcohólicas expoñan en lugar perfectamente visible para o público a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, en cumprimento da Lei de Galicia 11/2010, de 17 de de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas a menores de idade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

13º.- Limpeza do espazo e contorna onde se desenvolve o mercado. Á finalización do desmonte da Festa, quedará todo ordenado e en perfectas condicións de limpeza outorgando un prazo máximo de 24 horas para o restablecemento dos espazos usados á súa situación inicial.

14ª.- Contratar os traballos de instalación eléctrica, obtención dos boletíns de industria e tramitación dos contratos de subministración eléctrica.

15º.- Estar en comunicación permanente co servizo de Comercio facilitándolle coa antelación necesaria a información para a difusión e divulgación do programa de actividades nos medios de comunicación do Concello (web, app 010, etc) así como comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para acadar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Comercio ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

16ª.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren, no seu caso, como consecuencia das actividades programadas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

### QUINTO OBRIGAS DO CONCELLO

Comprométese a:

1º.- Conceder directamente á Asociación, unha subvención por importe de **135.000,00** euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución da **Festa da Reconquista 2025**. Para edicións posteriores, as achegas do Concello subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

2º.- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas nestes convenio.

3ª.- Colaborar na decoración, escenografía e ambientación do Barrio Histórico olívico.

4º.- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.

5º.- Prestar servizo de limpeza e recollida de lixo na zona da celebración do evento.

6º.- Regular o tráfico nas rúas relacionadas co evento, carga e descarga e os accesos aos vados nas rúas peonís, información dos cortes de tráfico e saídas alternativas ao mesmo.

7º.- Coordinación coa Policía Local para garantir o cumprimento das medidas adoptadas e a seguridade da cidadanía nas diferentes actividades organizadas.

8ª.- Colaborar na promoción do evento cos distintos medios de comunicación e difusión municipais.

9ª.- Autorizar o uso do dominio público constituído polos espazos das rúas públicas que ocupen os postos do mercado no ámbito territorial da festa que se indica no plano que se achega ao expediente, sen suxeición ás taxas establecidas polo Concello pola súa consideración da festa de “especial interese ou utilidade municipal”.

10ª.- Os técnicos municipais de Mobilidade e verificarán a colocación dos postos a fin de observar calquera tipo da anomalía antes do comezo do mercado.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

## **SEXTO.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O Concello xestionará o pagamento á Asociación polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.

O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio efectuarase por **transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES96 2080 5045 8930 4001 0210**, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada. No caso de existir un exceso de financiamento sobre o custe da actividade, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A Asociación comunicará ao Concello a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art. 17.3 da citada Lei).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 a) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Asociación está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas administracións públicas.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a emenda.

A beneficiaria deberá xustificar **antes do 1 de novembro de 2025** o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN**

#### **1. CONTA XUSTIFICATIVA**, que deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación de:

- As actividades desenvolvidas dentro do programa.
- Datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global.
- Memoria de prensa.
- Rexistro fotográfico e audiovisual.
- Informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónica e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- **Achegarán os xustificantes de transferencias ou ingresos realizados a través de entidades bancarias correspondentes que acrediten o pagamento de cada unha das facturas presentadas, non admitíndose a xustificación de pagos en efectivo que superen os límites establecidos na lexislación vixente.**

De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.
- b) Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Gastos subvencionables:

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no exercicio económico do convenio, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A tenor do disposto no artigo 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónica e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

Non obstante **a beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado do 40% do importe total** da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria tras a aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao artigo 42.2 do Regulamento

da Lei xeral de subvencións a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción do comercio local.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade. A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

### **SÉTIMO.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a Asociación adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente e expresamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas polo servizo de Comercio e Festas Especiais, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo co Concello.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello, deberá acordarse con este a prelación e características de cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Comercio e Festas Especiais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da Asociación, Concello e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a Asociación entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Comercio.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos...) deberá estar previamente comunicada e acordada co Concello antes da súa divulgación pública.

A presentación pública institucional de intervinientes nos actos do evento (presentación do programa, actos representativos na rúa de Destitución e Expulsión, etc) deberá estar previamente acordada entre o organizador e o Concello de Vigo .

A Asociación comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que empregue a Asociación para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a Asociación ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

A Asociación facilitará ao servizo de Comercio, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010...).

### Lingua de difusión en publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da normalización lingüística do Concello, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan carácter non periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares co Concello para que os elementos sexan subvencionables.

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas.

Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **OITAVO.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo de Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo.

O persoal técnico do servizo de Comercio e Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **NOVENO.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello e Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

## **DÉCIMO- REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

## **DÉCIMO PRIMEIRO.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O mecanismo de seguimento técnico da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Concello nas propias actividades programadas.

O centro xestor ten encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

A tal fin, se fose necesario, constituirase un Centro Técnico de Supervisión integrada por dous membros, un do Concello de Vigo e un a designar pola Asociación asinante, cuxas funcións serán:

- Facilitar o máximo nivel de cooperación nas relacións entre as partes asinantes para a boa marcha das actuacións previstas.
- Supervisar a execución das accións e actuacións previstas no Convenio.

## **DÉCIMO SEGUNDO.- VIXENCIA**

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025 e non será prorrogable.

## **DÉCIMO TERCEIRO.-MODIFICACIÓN, DENUNCIA, EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de 15 días.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facilitará á outra para resolvelo, quedando automaticamente anulados todos os



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas neste.

Así mesmo establecerase a creación dunha Comisión para o seguimento e coordinación da execución do convenio e resolución das dúbidas que poidan producir, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do convenio:

- a. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b. O acordo unánime dos asinantes
- c. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por una das partes facultará á outra para resolver o mesmo. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para a que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indemnización dos prexuízos causados se así se previse.

### **DÉCIMO CUARTO.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS**

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

### **DÉCIMO QUINTO.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia

9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 - RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

## **DÉCIMO SEXTO.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos e demais material obtido da realización das actividades programadas, será de titularidade e uso común do Concello e da Asociación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

O Concello resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento da Asociación das partes asinantes do convenio.

## **DÉCIMO SÉTIMO.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Asociación e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO OITAVO.- DESTINATARIOS E PARTICIPACIÓN**

A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

### **DÉCIMO NOVENO.- SEGURIDADE**

A Asociación deberá cumprir estritamente co Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos da festa e respectando os seus aforos. Así mesmo, velará por que todos os ocupantes dos postos do mercado tradicional cumpran co Plan de Autoprotección, debendo ter especial coidado na localización destes postos e nos espazos de evacuación que se recomenden en caso de emerxencia.

A tal fin, correrá por conta do beneficiario organizador da Festa, establecer e velar polo cumprimento das medidas excepcionais de protección individual persoais e organizativas preventivas que minimicen o risco de transmisión epidemiolóxica actual, adaptándoas aos escenarios existentes e normativa de aplicación de cada momento.

### **VIXÉSIMO.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e outra lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

O concelleiro delegado da  
Área de Parques, Xardíns, Comercio,  
e Festas Especiais

O presidente da Asociación veciñal  
e cultural Casco Vello Vigo

Ángel Rivas González

A secretaria de gobierno local, dando fe do acto.

José Fumega L'Hotellerie de Fallois

## **ANEXO I**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1867/1102

## Previsión Ingresos Reconquista 2025

Convenio Concello	135.000,00 €
Convenio Xunta	25.000,00 €
Empresa Patrocinadora	4.000,00 €
Deputación de Pontevedra	6.000,00 €
Xestión do mercado	42.000,00 €
Doazóns particulares	1.500,00 €

*31.000 euros de doazón de 100 postos adicados a alimentación cunha media de 310€*

*11.000 euros de doazón de 100 postos adicados a artesanía cunha media de 110 €*

*1.500 euros de doazóns particulares*

**Total            213.500,00 €**

## Previsión gastos Reconquista 2025

Plan autoprotección	Redacción e control	6.476,52 €
Totens	P. seguridade	750,00 €
	Lonas programa	750,00 €
	Estructuras lonas	500,00 €
	Lonas Porta do Sol	5.822,29 €
Animación	Animación infantil, animación de rúa	19.000,00 €
Electricidade	22 e 23 no Berbés 28,29 e 30 Porta do Sol Recinto da festa	28.045,84 €
Son	Reconquista	13.653,11 €
	Destitución	6.288,91 €
	Torreiro Paseo Alfonso	4.076,04 €
	Torreiro Central	9.131,19 €
	Porta do Sol R Infantil	750,00 €
Actuacións escenarios	Dende o 22 de marzo o 30 de marzo	13.255,22 €
Vestuario	Tintorería, arranxos ...	4.500,00 €
Seguridade	Ambulancias 4.500,00 S privada 7.000,00	11.500,00 €
Valados e outros	1.500 € tapa contedores 1.500 € valados ...	3.000,00 €
Persoal		20.000,00 €
Atrezzo		5.000,00 €
Porta da Gamboa		6.000,00 €
Gastos representación		1.500,00 €
Dirección teatral		3.750,00 €
Pirotecnia		
Efectos especiais		500,00 €
Equipo de traballo	Persoal, furgón	7.500,00 €
Baños e casetas	30 baños	7.560,00 €
Demostracións		4.000,00 €
Publicidade	Carteis, polidíptico, díptico en idiomas	4.000,00 €
Reconquista infantil	5.000 € monitores, 750 € actuación 1.250 € varios	7.000,00 €
Deseño Cartel		1.000,00 €
Palcos e carpas	Berbés 22/23	2.420,00 €
	Berbés 28/29/30	907,50 €
	P. Afonso 28/29/30	1.161,60 €
	Porta do Sol	6.750,00 €
Reportaxe gráfica		1.200,00 €
Varios	Premios concursos 500 Imprevistos 1250	1.750,00 €
Cota AEFRH e rexistro de marca		1.500,00 €
Cortesía	Agapés: Protección Civil, Vodea, Cruz Vermella ... 3 días	1.250,00 €
	Agapés: Organización 3 días	1.251,78 €

**Total 213.500,00**



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1867/1102

**28(210).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez